

foz

Licitado o proxecto de estabilización medioambiental na praia de Llas. **Pax. 6**

burela

Renovan o abastecemento de auga e o pavimento na rúa burelesa da Capela. **Pax. 12**

alfoz

O Concello aluga a vivenda rehabilitada no núcleo da Pinguela, en Lagoa. **Pax. 15**

xove

O Concello adquiriu varios vehículos para modernizar os servizos municipais. **Pax. 19**

riotorto

Entrevista ao alcalde, Clemente Iglesias, que fala dos proxectos máis destacados. **Pax. 23**

En setembro comeza a escola e os proxectos



obras. Os concellos están inmersos en diferentes reformas para mellorar as vilas.

escolas. Abertas as inscricións para as escolas musicais e deportivas.

deportes. Arranca a tempada de fútbol e a Copa Deputación de Fútbol Sala.

A praia do Cargadoiro seguirá pechada

Despois de 3 anos e a insistencia veciñal, o areal ribadense segue sen ser desfrutado polos veciños. **Pax. 11**

Rematan as actividades da Deputación

Saborea a túa provincia e Actívate percorreron todas as comarcas con gran éxito. **Pax. 24**

Fotosub Apnea en Viveiro



Unha proba que contribúe a difundir e promover o submarinismo. **Pax. 9**

Festas dos Remedios



Mondoñedo celebrará dende o día 10 esta cita coa tradición. **Pax. 14**

Volve a Faba laurentina



A XXX Festa da Faba será do 30 de setembro ao 2 de outubro. **Pax.18**

A paixón pola billarda e o xogo de equipo

Oito clubs da metade norte da península compiten nun deporte tradicional. **Pax. 26**

Fixemos os deberes!

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**

13€
/mes
44€/mes

AFORRA
279€!

Durante 9 meses!

adamo
La mega fibra



Chama gratis ao **900 651 679** ou visítanos en **adamo.es**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 24/08/2022 e o 14/11/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 13€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de 19€ incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

A Plataforma Sanitaria recolle sinaturas para recuperar a atención primaria



A Plataforma en Defensa da Sani- dade Pública da Mariña vén de presentar a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a Atención Primaria.

Trala presentación fíxose unha primeira recollida de sinaturas a modo de arranque da campaña, a cal tivo unha moi boa acollida por parte de veciñas e veciños, profesionais e diversos cargos públicos.

Desde o colectivo anunciaron que esta campaña desenvolverase ao longo e ancho da comarca, tendo

presenza en todos os concellos e acudindo aos eventos, mercados e actos máis importantes que se desenvolvan na Mariña.

Para poder debater esta iniciativa no Parlamento son precisas un mínimo dez mil sinaturas, e segundo adianta Montse Porteiro, portavoz da Plataforma Sanitaria da Mariña “as nosas previsións para a comarca son recoller xa nesta comarca as dez mil sinaturas, cifra que vemos realista a tenor do descontento xeralizado que están a amosar mariñás e mariñaos”.

Plataformas alertan de posibles eólicos na Reserva da Biosfera

Tres plataformas veciñais piden posicionamento á Asociación InterEo, Concellos e xestores da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón sobre “a potencial implantación masiva de complexos eólicos na Reserva da Biosfera homónima, e que coloca en alto risco a declaración da Reserva da Biosfera, debido á degradación ambiental e social causada polo impacto acumulado desta proposta de invasión”.

Conxuntamente, as plataformas veciñais Xente de Oscos-Eo, Stop Eólicos Negueira e Eólicos na Mariña, Así Non promoveron e apoiaron a campaña estatal promovida por Aliente, Alianza Energía y Territorio, pola cal se solicita unha moratoria científica en tódalas Reservas de la Biosfera ata que se realice o “estudo sobre a viabilidade de instalacións eólicas, fotovoltaicas e termo solares, incluída a repotenciación, e infraestructuras asociadas en territorios declarados Reserva da Biosfera en España”. Esta solicitude foi presentada ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o pasado mes



de xullo, sendo apoiada por 447 colectivos vinculados a 35 Reservas da Biosfera de España. Cabe resaltar que a Reserva de la Biosfera “é a que máis apoios tivo con 134 colectivos de diferente índole (Concellos, asociacións veciñais e culturais, montes veciñais de man común, empresas de diversos sectores, etc), mostrando o crecente rexeitamento social á invasión eólica que se está pretendendo impoñer na nosa Reserva”.

As Plataformas lamentan que ante a gravidade da situación, “non haxa un claro posicionamento para defende- la Reserva da Biosfera nin por parte

dos Concellos, nin por parte dos xestores, xa que ata o momento apenas dous Concellos, o de Negueira de Muñiz e o de Santalla de Oscos, se adheriron á campaña, que segue aberta para novas adhesións”.

As Plataformas denuncian que “a ameaza de invasión é real” e que a proposta de macroproxeitos centralizados non é a solución por presentar graves problemas tales como “o seu potencial é limitado e menor do actual consumo enerxético, depende de materiais escasos, téñ unha gran dependencia fósil e está centra- do na electrificación”.

Destinan medio millón de euros para a recuperación ambiental do río Eo

O Goberno galego vén de destinar case 0,5 millóns de euros a un proxecto de recuperación do río Eo ao seu paso polos municipios da Pontenova, Trabada e Ribadeo. A intervención executarase ao longo de 25,9 km de río divididos en 3 treitos co obxectivo de mellorar o estado de conservación dunhas 84 hectáreas deste corredor ecolóxico, que separa de forma natural Galicia e Asturias. No marco do proxecto prevense realizar tarefas de control e erradicación de especies exóticas invaso-

ras —Crocossimia x crocosmiflora, Helichrysum petiolare, Acacia melanoxylon e Acacia dealbata— cunha atención especial ás presentes no tramo baixo entre A Pontenova e Ribadeo, así como traballos de retirada de árbores mortas na canle e nas ribeiras fluviais, poñendo o foco nos amieiros afectados por fungos.

Ademais, nas zonas anteriormente descritas, tamén se procederá a reforzar as poboacións de especies autóctonas de hábitats de interese comunitario, como poden ser os bi-

dueiros, freixos, salgueiros, espiños brancos ou carballos.

En canto á fauna ictícola, instalárase un contador de paso como medida de apoio para o seguimento das especies migradoras presentes no río —anguía, lamprea, reo e salmón—. Por último, o proxecto inclúe traballos para a restauración ecolóxica de sendas, adecuando viarios e camiños existentes entre Ribadeo e a desembocadura do río Trabada ao longo de 10,4 km, empregando en parte a antiga ruta do tren mineiro.

A Deputación aproba axudas a comunidades do Xistral

O Goberno provincial aprobou a resolución provisional das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común beneficiadas polas axudas económicas convocadas pola Deputación dentro do proxecto europeo Life in Common Land que ten en marcha para promover a conservación e o desenvolvemento sostible do territorio da Serra do Xistral.

O total da liña de axudas alcanza os 300.000€, que recibirán 10 comunidades de montes veciñais dos concellos do Valadouro, Xove, Muras, Ourense e Viveiro. “Con estas subvencións,

que sacamos en réxime de concorrencia competitiva, o que facemos é recoñecer e retribuír o traballo e as boas prácticas que fixeron os comuneiros e comuneiras a través da súa actividade gandeira para manter e mellorar os hábitats de turbeiras e queirogais húmidos do Xistral, un conxunto de hábitats que é único na Europa continental”, explicou a voceira socialista.

Trátase de pagos compensatorios polos resultados de conservación realizados ao longo dos anos 2019, 2020 e 2021.



MENÚ DIARIO

MENÚS ESPECIALES

PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Abren prazo as escolas de música

XOVE. O Concello de Xove vén de abrir o prazo de preinscrición para a Escola Municipal de Música para novos alumnos, pois os que desenvolveron a súa actividade na escola durante o pasado curso xa tiveron a posibilidade de matricularse durante o pasado mes de xuño.

Ata o venres 30 de setembro vai estar aberta nas oficinas do Concello a preinscrición para o Curso 2022-2023. Tódolos alumnos/as que queiran preinscribirse deberán pasar polo Rexistro Municipal en horario normal de oficinas a formalizar a súa preinscrición. Tamén poden realizar esa preinscrición online, a través da páxina web do Concello.

Rematado o prazo de preinscrición fázase público no taboero de anuncios do Concello o listado de novos admitidos na escola e unha vez que o alumno sexa admitido, para a formalizar a súa matrícula deberá

entregar no Rexistro Municipal ou a través dos email carolina@xove.es ou xulianogueira@gmail.com, a documentación antes do 14 de outubro.

BURELA. Como en anos anteriores ata o 15 do presente mes de setembro está aberto o prazo para inscribirse na Escola Municipal de Música de Burela.

Para formalizar a inscrición deberán acudir á Sede na Escola Municipal de Música de Burela, en horario de 10.00 a 14.00, onde se lles facilitará a documentación necesaria para a matrícula. Asemade, se así o desexan, poderán descargar o impreso da páxina web do Concello de Burela ou ben do Facebook da Escola.

Durante este curso traballarán na organización e desenvolvemento de cursiños de educación musical, concertos didácticos, talleres, etc., nos

que se traballarán contidos coma: apreciación musical, discriminación auditiva, coñece-los elementos da música, práctica instrumental, etc. Continuará aberta a aula de formación musical para adultos e o curso de Música e Movemento para nenos entre catro e oito anos, así coma as outras especialidades instrumentais.

MONDOÑEDO. A Escola Municipal de Música O Pallarego de Mondoñedo tamén ten aberto o prazo de matrícula, que debe facerse con previa cita nos teléfonos 677 838 812 ou 607 423 721.

Impártense clases para nenos a partir dos 4 anos, e agrupados segundo as súas idades nos niveis de aprendizaxe de música e movemento, formación básica, linguaxe musical, análise musical, formación de adultos, etc. Conta con diferentes especialidades instrumentais.

Docklands continúa adaptándose aos alumnos co novo curso

Aberta xa fai 6 anos, Docklands Academy conta con profesores nativos de inglés co obxectivo de ensinar esta lingua coa mellor metodoloxía.

Ofrecen unha ampla oferta educativa que vai desde os 2 anos de idade ata o público adulto, e adáptase en diferentes grupos dependendo das súas metas.

Na primeira etapa, a de infantil, caracterízase por ser clases totalmente lúdicas e motivacionais que traballan sobre todo o aspecto psicomotor dos cativos.

A seguinte, a partir de 2º de Primaria, comezan cos aspectos manuais e a escritura, centrado-

se sobre todo na comunicación oral e intentando vincular as leccións cos exames de Cambridge. Nas súas aulas impártense cursos de todos os niveis ata C2, inglés para viaxes, para traballar ou grupos tan só de conversa.

Ademais, contan con clases presenciais e virtuais para adaptarse a todos os requisitos dos alumnos, os cales contan cun acceso virtual para o temario.

Aínda que o curso xa comezou pódese consultar e solicitar información sobre os cursos e grupos abertos nas súas instalacións situadas en Foz e Lourenzá ou no teléfono 605 738 247.

Segue o cine na rúa da Deputación

A Deputación de Lugo programou 40 proxeccións de filmes en galego nos meses de agosto e setembro, coa colaboración de asociacións e concellos das distintas comarcas. As galegas *Cuñados* e *Malencolía*, a inglesa *O noso último verán en Escocia*, a película de animación da cineasta ferrolá Chelo Loureiro *Valentina* e *Bella e o Circo Máxico*, tamén dobrada ao galego, son as películas que forman desta programación de cine ao aire libre, coa que a área de Cultura contribúe a ampliar a axenda cultural dos concellos nos meses de verán, ao tempo que se ofrece a posibilidade de ver cine en galego de forma colectiva en lugares alleos aos circuitos comerciais. As proxeccións chegarán a Orouro, Lourenzá, O Vicedo, O Valadouro e Burela.

O Goberno apoia a industria cultural da provincia de Lugo co Bono Cultural Xove

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, animou á mocidade lucense a disfrutar da cultura aproveitando o Bono Cultural Xove que pon a súa disposición o Goberno, que investirá 936.400 euros nesta iniciativa destinada a apoiar a industria cultural.

A subdelegada explicou que na provincia 2.341 mozos e mozas pomen beneficiarse do Bono Cultural Xove, unha achega implementada polo Goberno para favorecer a industria cultural. Isabel Rodríguez destacou que esta axuda tamén servirá para dinamizar o comercio de proximidade nos concellos e, ademais, contri-

buirá a algo tan importante como é xerar hábitos de consumo de produtos culturais entre a mocidade

Rodríguez informou de que o Ministerio de Cultura facilita un bono de 400 euros para investir en cultura a todos os mozos e mozas que cumpren os 18 anos en 2022. Na provincia de Lugo os beneficiarios potenciais son 1.180 mozas e 1.161 mozos, aos que pediu que aproveiten a oportunidade que lles brinda o Goberno para acceder a produtos culturais do seu interese.

O prazo para a solicitude do Bono Cultural Xove está aberto desde o 25 de xullo e as solicitudes fanse a tra-



vés de unha web e unha app. Unha vez concedida a axuda, recíbese unha tarxeta prepago vital para usar a través do móbil que se pode empregar en todas as empresas culturais adheridas ao programa. Todas as entidades interesadas en vender os seus produtos e servizos aos portadores desta tarxeta poden tramitar a súa adhesión ao programa a través da páxina web do Bono Cultural. O bono está dividido en 3 apartados,

para fomentar o acceso a diversas expresións culturais. 200 euros son para artes en vivo, patrimonio cultural e audiovisuais; 100€ para produtos culturais en soporte físico como libros, revistas, prensa, videoxogos, discos, partituras, etc, e outros 100 para consumo dixital como suscripcións a plataformas musicais, audiolibros, prensa dixital, videoxogos en liña, descarga de podcast, entre outros

¡VUELTA AL COLE!

Descubre las novedades en dormitorios juveniles, escritorios, sillas de estudio...

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954

MAR

O porto de Ribadeo retoma o tráfico de area de mina

O porto comercial de Mirasol, en Ribadeo, vén de recibir a chegada do buque Angon que prevé cargar nos vindeiros días 4.500 toneladas de area de mina con destino ao porto de Castellón. Deste xeito, o peirao ribadense recupera o tráfico de area de mina, unha mercadoría que non se movía en Mirasol desde o ano 2018.

A recuperación desta actividade supón un incremento aproximado de entre 40 e 50.000 toneladas de mercadorías ao ano para o porto de Ribadeo, que moveu ao longo de 2021 un total de 483.000 toneladas, fundamentalmente de pasta de papel. O tráfico de area de mina prevese ademais estable no medio prazo dado que a empresa propietaria da mercadoría está a tramitar actualmente a adquisición da titularidade da concesión doutra operadora do porto.

Piden sinalizar o perigo do tendido no río Grande

O Concello de Ribadeo remitiulle un escrito á Capitanía Marítima pregándolle que sinalicen oportunamente o perigo existente na desembocadura do río Grande, na ría de Ribadeo, por mor do tendido eléctrico de alta tensión que sobrevoa ese espazo. Nesa zona perdía a vida un mozo de 22 anos, que navegaba nunha embarcación de vela latina.

O Concello enviou copia deste escrito tamén ao Servizo Provincial de Costas, á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, á Dirección Xeral de Emerxencias e a Begasa.

Dende o Concello lembran que “non é a primeira vez que se produce unha situación deste tipo, pois hai algo mais dun ano no curso do río Eo, a altura de Abres, outra embarcación de vela latina tamén se vira afectada.

Atopan en Ribadeo restos dunha barca medieval



A campaña arqueolóxica no porto de Ribadeo vén de descubrir un achado excepcional que permite por primeira vez vincular o mito xacobeo a un elemento material de transporte empregado na peregrinación a Compostela.

Trátase dunha peza lonxitudinal de madeira labrada en forma de L, que estaba profundamente incrustada no sedimento e que é parte dunha barca medieval de pasaxe que tería

a súa base en Ribadeo, aínda que non se descarta que pertencera á ribeira asturiana.

Os estudos determinan ademais que se trata en concreto de todo o costado e o pantoque da embarcación -a parte inferior case plana- monóxila, e que foi construída entre os anos 1050 e 1260 da nosa era. Era utilizada para cruzar a ría en lugar de facer un rodeo ata Vegadeo ante a ausencia de pontes.

Portos renovará o alumeadado portuario de Viveiro e Celeiro

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, renovará o alumeadado portuario do municipio de Viveiro con máis de medio centenar de equipamentos, luminarias, proxectores e software de telexestión. Esta actuación mellorará as condicións de iluminación e eficiencia enerxética, procurando unha reducida contaminación lumínica.

Con este obxectivo, implantarase tecnoloxía LED con equipos de altas prestacións deseñados especialmente para traballar en espazos portuarios pola súa durabilidade en ambientes mariños e condicións climáticas adversas. Ademais, in-

crementarase a protección contra sobretensións e implantarase unha capa tecnolóxica para o telecontrol da iluminación.

Esta actuación, orzamentada en 120.000 euros, inclúese nun contrato conxunto de 3,8 millóns de euros que Portos de Galicia ten en licitación para unha trintena de dársenas autonómicas co obxectivo de dotar de sistemas de alumeadado exterior sustentable ao conxunto do sistema portuario autonómico.

No porto de Viveiro actuarase sobre 54 luminarias e proxectores para a súa renovación, incluíndo a retirada das instalacións existentes.

O PSOE recolle sinaturas contra a prohibición da pesca de fondo



O PSdeG iniciou unha recollida de sinaturas polas 63 cofradías contra a prohibición da pesca de fondo da Comisión Europea en caladoiros de Europa, que afecta singularmente a Galicia. O secretario xeral dos socialistas, Valentín Formoso, puxo a primeira sinatura acompañado do Patrón Maior de Burela e presidente da Federación Nacional de Cofradías e de diferentes representantes dos municipios máis afectados.

Os socialistas comezaron en Burela a súa campaña de recollida de sinaturas contra a decisión da Comisión Europea que prohibirá a un gran número de pescadores galegos traballar

nos caladoiros afectados. Tratarán de sumar tamén a outras comunidade afectadas como Asturias, Cantabria ou o País Vasco, e incluso a outros países como Portugal ou Francia.

Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdeG, remarcou que o seu partido “nin entende, nin comparte” o paso dado pola Comisión Europea, indicando que a decisión “carece de rigor científico” e non ten unha avaliación previa do impacto económico e social que terá. A maior preocupación do líder socialista son o gran número de familias que dependen da pesca de fondo e que “ven ameazado o seu futuro”.

O premio en peixe da Feira Produart foi para Valladolid


Durante a recente edición da Feira Produart vendíanse rifas para participar no sorteo dun lote de peixe valorado en máis de 500 euros e doado por Armadores de Burela. Ana Isabel Carretero foi a persoa agraciada.


“Mercamos unha vivenda en Burela hai un ano e por iso pasamos longas temporadas alí. Estamos encantados da hospitalidade da xente, da gastronomía e sobre todo do clima. A primeira fin de semana de agosto visitamos a feira Produart


e mercamos rifas para o sorteo...”, comenta Ana Isabel desde o seu domicilio de Valladolid, onde xa recibiu o lote de peixe do premio. Produart seguirá promocionando cada ano os produtos locais, artesanais e tradicionais, e tamén aqueles produtos innovadores que difundan e recuperen a cultura ecolóxica, cunha clara intención de estimular e fomentar iniciativas, recursos e produtos que se atopen no marco da economía sustentable.

VEN A REPOSTAR
A  Ortegal Oil

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 www.ortegaloi.es

 Ortegaloi

 881 93 18 56

Escanea y visita
nuestras estaciones





MUEBLES
LA FÁBRICA SARRIA

**LIQUIDACIÓN
TOTAL**

TODO

20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%

Por traslado de instalaciones a Matías López 49. Sarria



Aprobada a obra de dúas interseccións na N-642

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) aprobou provisionalmente o proxecto de trazado de Mellora de seguridade viaria na N-642, PP.KK. 39+910 e 40+970, no termo municipal de Foz. Concretamente trátase da construción de rotondas en dous cruces o do barrio de A Gralleira e Ribela e o da estrada de Ferreira, ambos na parroquia de Cangas.

Proximamente publicarase no Boletín Oficial do Estado (BOE) o correspondente anuncio, iniciando así o trámite de información pública e oficial do proxecto de trazado. O orzamento estimado das actuacións ascende a 565.869,85 euros (IVE incluído).

O obxecto do presente proxecto consiste na disposición dunha glorieta en cada unha das interseccións existentes nos citados puntos quilométricos. Para iso foi necesario o axuste da rasante das estradas actuais ás da situación proxectada.

Tamén se incluíron outras actua-

cións, tales como a reposición de marcas viarias, sinais verticais, zonas de circulación peonil, elementos de drenaxe, servizos afectados e accesos. Coa reforma das interseccións dispoñendo glorietas mellorase a seguridade viaria do tramo facilitando todos os movementos.

Preséntanse trazados tanto en planta como en alzado axustados ás calzadas existentes, co fin de minimizar as afeccións, aproveitando no posible o firme existente. Ao mesmo tempo dáse continuidade aos itinerarios peonís, polo que se mellora a seguridade non só dos vehículos senón tamén dos usuarios máis vulnerables como son os peóns e ciclistas. A actuación inclúese no programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, onde Mitma investiu máis de 90 millóns de euros desde xuño de 2018 na provincia de Lugo, xerando un impulso significativo para mellorar a calidade de servizo da infraestrutura viaria estatal existente.

O Goberno licita o proxecto de estabilización da praia de Llas

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, quere agradecer ao delegado do Goberno, á subdelegada e ao Xefe Provincial de Costas o compromiso co Concello de Foz. A finais do mes de xaneiro sacouse a información pública o proxecto de Estabilización Medioambiental de Llas e pouco máis de 6 meses despois xa sae a contratación a obra, por 412.000 euros. "O compromiso con Foz estase marcando con feitos, non con palabras ou promesas baleiras", destaca o rexedor municipal.

A actuación proxectada inclúe a eliminación de especies exóticas e a restauración con autóctonas, a colocación de paneis divulgativos, o encauzamento do afluente central da praia mediante pilotes de madeira para evitar a erosión así como a construción dunha nova pasarela de madeira na zona central da praia e a adecuación do estacionamento situado no final da Rúa do Vicedo.

O prazo de presentación de ofer-



tas finaliza o 20 de setembro deste ano 2022 e a duración prevista das obras é de 12 meses.

O alcalde móstrase moi satisfeito: "a finais do mes de xullo saía a contratación, tamén pola Secretaría de Estado de Medioambiente, o paseo marítimo entre Peizás e a Pampillosa por 1,09 millóns de euros, contrato ao que se suman agora

as actuacións en Llas por algo máis de 412.000 euros. Isto anímanos a seguir traballando para conseguir máis investimentos necesarios para Foz. Queremos agradecerlle ao Goberno Central o interese que mostra polas nosas demandas, como no anuncio, de hai só 5 días, de aprobación do proxecto de rotondas en Cangas".

O Concello busca rei ou raíña do Entroido

O Concello informou que xa está aberto o prazo de inscrición para a elección do novo rei ou raíña do Entroido de Foz 2023.

"Remata agosto e leva consigo un verán excepcional, pero xa temos a vista posta en febreiro, no noso querido Entroido", din dende o Concello.

O único requisito é ter máis de 18 anos e anotarse antes do 16 de setembro. Para inscribirse hai que escribir ao correo electrónico onosofoz@gmail.com cos datos persoais e dúas ou máis fotografías recentes.

A elección terá lugar o 22 de outubro nun acto público do que darán máis información nos próximos días.

A Fedme convoca a 48ª marcha anual de deportistas en outubro

A Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada, Fedme, o comité de Veteranos da Federación Galega de Montañismo, FGM, e a Asociación Os Sendeiros de Foz, convocan a 48ª Reunión e marcha anual de deportistas con experiencia do 7 ao 9 de outubro, ambos inclusive. A xornada está destinada a todas as persoas federadas maiores de 40 anos con licenza Fedme do ano en vigor.

O programa iniciarase o venres 7 de outubro desde as 18.00 ata as 21.00 horas será a recepción e entrega da documentación e

acreditación aos asistentes á 48ª Reunión e marcha anual de deportistas con experiencia 2022 do Centenario Fedme.

Na xornada do sábado 8 de outubro, que comezará ás 8.00 horas e ata as 20.00 horas, será a recepción e entrega da documentación e acreditación aos asistentes.

O domingo 9 desde as 8.30 ata as 14.30, dará comezo a marcha anual de deportistas con experiencia do Centenario Fedme 2022, ás 14.30 horas seguirá a entrega de trofeos. e despois un xantar de confraternización.

O PP esixe o repintado dos pasos de peóns dado o seu deterioro

O PP de Foz esixe ao goberno municipal a corrección inmediata da pintura nos pasos de peóns no núcleo urbano da vila dado o seu deterioro, "o goberno local é incapaz de dar solución ás principais necesidades do municipio na época con máis afluencia de xente", di o voceiro Javier Castiñeira.

Castiñeira di "no pasado pleno, o grupo municipal do PP presentou un rogo baseado nas queixas dos veciños que lamentan o mal estado dos pasos de peóns". O portavoz explica que nalgúns casos o deterioro é moi perigoso para os transeúntes, pois a falta de pintura e a mala visibilidade

poñen en risco a seguridade cidadá. Por outra banda, desde o grupo popular sorprende a resposta do alcalde ante este rogo asegurando que xa se pintaran no ano 2021. Ante este despropósito, Castiñeira subliña: "Os pasos de peóns deben pintarse todos os anos. Así se fixo sempre, especialmente antes da campaña do verán que é cando máis tráfico hai tanto de peóns como de vehículos". Ademais, os populares non entenden que o goberno local presuma de récores de ocupación cando están desatendendo servizos básicos e de seguridade cidadá.



A Carballeira
PENSIÓN ALBERGUE

C/ Ciudad de Vivero, 34. 27800 Vilalba
Tlfn. 673731189
agonzalezvillares1974@gmail.com

O Concello investirá máis de 290.000 euros na mellora de viais

O Goberno destinará máis de 290.000 euros en obras para mellorar viais do casco urbano da vila e das parroquias. O rexedor municipal destaca que “remataron as obras de mellora de viais en parroquias con aglomerado en quente: en Fazouro -Rúa e Morgallón-, en Nois -Porto e zona apeadoiro-, en Marzán -Rúa de Francia e a Báscula-, en Vilaxoane -Camiño de Mansín- e en Santa Cilla -Vilacizal e no Chao- por 84.458 euros, con cargo ao Plan Único da Deputación do ano 2021.

Tamén foi adxudicada a mellora en distintas rúas do casco urbano con cargo a fondos do Plan Único

do 2022 á empresa Construcciones Isidro Otero SL.

Comezarán en vindeiras datas as obras de limpeza de cunetas e asfaltado con dobre tratamento superficial de rego con gravilla en viais municipais en zahorra que desembocan na estrada Rapadoira-Llas, Pintor Laxeiro e Avenida de Asturias, cun orzamento de 9.269,87 euros con cargo a remanentes do Plan Único da Deputación do ano 2021. E foron adxudicadas por 136.666,68 euros as obras de mellora en viais urbanos con aglomerados en Vilaxoane -Caínzal (praza da Pena) e rúa de Redondo-, pavimentación con formigón impreso en canellón

de Curros Enríquez e camiño a Avenida de Breogán, beirarrúas, aglomerado e separación peonil na rúa Camiño Real desde as Torres ao cámping de Llas, aglomerados na rúa Río Masma, cruce Mariñeiro Chila-Sarria e Avenida de Viveiro e rúa Pena Parda, en Marzán, con cargo a fondos do Plan Único da Deputación do ano 2022. E está en licitación por 59.655,22 euros a mellora de camiños municipais nos barrios de Mourente, en San Martiño, con aglomerado en quente, e na Folgosa e no Chao, en Santa Cilla, con dobre tratamento superficial de rego con gravilla, con cargo a fondos do Agader”.

Unha achega permitirá construír unha pista multideporte no Cantel

O Concello vén de recibir unha subvención para a construción dunha pista multideporte en terreos do CEIP O Cantel, que dará servizo aos alumnos do centro en horario lectivo e a rapaces e rapazas de todo o concello fóra das horas de clase. A pista, presupostada en case 96.000 euros, será financiada a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, con 62.532,48 euros, e con 33.433,13 euros a cargo de fondos propios municipais do Concello de Foz.

Trátase dunha pista multideporte cunha superficie de xogo de 30 por 15 metros, chan de resina deportiva e peche lateral a 1 metro en taboleiro fenólico. A pista permitirá a práctica de balonmán e fútbol sala,



con dúas porterías antivandálicas de 3 metros de base e 2 metros de altura; o baloncesto, con dúas canastras fixas antivandálicas; e o tenis, voleibol e bádminton, cunha rede desmontable.

Estas obras súmanse ás da envolven-

te térmica e renovación do CEIP Nº 1, xa rematadas, e ás que proximamente se acometerán no IES de Foz. E desde o Concello seguen a reclamar á Xunta unha renovación profunda do CEIP Fondo Nois, con máis de 50 anos de antigüidade.

Adxudicada a redacción do proxecto da EDAR

Publicouse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a resolución da adxudicación do contrato de redacción do proxecto e construción da nova EDAR de Foz por 11,94 millóns de euros (2,3 % de baixa) á Unión Temporal de Empresas conformada por Espina y Delfín SL e Construcciones y Canalizaciones José Saa SL. A obra é financiada nun 80 por cento pola Unión Europea e o 20% restante polo ente público autonómico Augas de Galicia. O Concello é o responsable da posta a disposición dos terreos necesarios para a obra, para o cal xa

fixo todos os trámites plenarios necesarios e a Xunta de Galicia debe declarar agora o carácter urgente da expropiación.

A oferta marca un prazo para a redacción do proxecto construtivo, a execución da obra e a posta en servizo da nova depuradora de 33 meses desde a formalización do contrato. Segundo os informes publicados, o adxudicatario plantexou un bombeo directo desde o tanque de treboadas ata a nova EDAR, mantendo o bombeo previsto na Avenida de Viveiro unicamente para o caudal recollido en Llas 2.

Retoman as obras de mellora do bar dos Xubilados



Continúan as obras de mellora do bar dos Xubilados que se atopan un pouco máis preto do seu remate. Ademais da renovación, a cafetería-bar independízase competamente do local de asuntos sociais e disporá dunha nova terraza.

Así, despois de distintos atrancos e da necesidade de reformular o sistema eléctrico para independizalo do resto do edificio, os operarios especializados estiveron a substituír os

falsos teitos do local.

Segundo dixeran dende o Concello “tivemos unha demora pero procuramos facer as cousas ben e houbo que reformular o sistema eléctrico”. Dende o Concello focego sempre apostaron por este colectivo “e vámolos seguir facendo”, ademais espérase que se poida abrir pronto nun par de meses, para que “o colectivo de maiores poida volver a ter o seu local de referencia”, engadiron.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
CAPITULACIONES PATRIMONIALES
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📱 veiguelabogados 🌐 veiguela abogados

BREVES

XUNQUEIRA. O programa das festas de Xunqueira, na honra de Nosa Señora de Valdeflores, dará comezo o venres 9 a partir das 21.00 horas cunha cea a base de xamón cocido e empanada, que estará amenizada por Verónica Cambón. O sábado 10 a festa comezará coa sesión vermú do grupo Superstar, e ás 17.00 horas os asistentes desfrutarán dunha festa da escuma e o toro mecánico, todo elo coa música de Superstar e o dúo Zafiro. O derradeiro día, o domingo 11, haberá misa ás 11.00 horas e procesión acompañada pola Banda Naval de Viveiro. Xa ás 13.00 horas poderanse degustar uns pratos de callo e da sesión vermú co grupo Vi-varium.

VIEIRO. Os veciños de Vieiro celebrarán as súas festas na honra a San Cipriano os días 16, 17 e 18 deste mes, nas que contarán con música e comida. Así, o venres 16 ás 20.30 horas comezará unha gran churrascada, a un prezo de 5 euros a ración, e chegada a noite as formacións Epok e Kalima 3.0 animarán a verbena. O sábado 17, ás 13.00 horas oficiarase a misa solemne seguida de procesión. A continuación Zeltia amenizará a sesión vermú e chegada a noite tamén a verbena xunto á orquestra Satélites. Xa o domingo 18, ás 13.00 horas terá lugar a misa solemne con posterior procesión. Acto seguido o dúo Epok poñerá a nota musical á sesión vermú.

RUADA DE CONTOS. Presentouse unha nova edición durante o mes de setembro, da Ruada de contos, un conxunto de espectáculos dirixidos á infancia, á mocidade e ao público familiar, para fomentar o emprego da lingua galega. A programación será durante os sábados de setembro. O seguinte será *A danza dos paxaros* e o día 17 *Trotasong*. Estas tres serán ás 18.00 nos xardíns Noriega Varela. Por último o sábado 24 será a quenda de *A maleta*, Conta contos incluso en lingua de signos e lingua galega, ás 12.00 horas na sala multiusos. Todos os espectáculos realizaranse na Sala Multiusos.

Son Viveiro preguntou polas medidas ante a caída parcial dunha vivenda de Xunqueira



Son Viveiro-Son En Común, a través da súa nova concelleira, María José Basanta, levou ao Pleno un rogo no que se plantexaba cales ían a ser as medidas a tomar polo Concello ante a caída parcial dunha vivenda de Xunqueira afectada pola riada fai tres anos.

Dito rogo que, “polo momento non foi respondido polo equipo de goberno, parece entrar na dinámica de pasividade á que xa estamos acostumados por parte das administracións locais, provinciais e mesmo autonómicas”, dixo Basanta. Se ben é certo que tanto Augas de

Galicia, Deputación Provincial e o propio Concello de Viveiro asinaron un convenio de colaboración, pasados tres anos e oito meses da riada “a única actuación que lle consta a veciñanza de dito barrio produciuse a semana pasada, cando Augas de Galicia colocou un dispositivo para predicir posibles asolagamentos”. Dende o grupo municipal Son Viveiro-Son En Común “esperamos unha rápida resposta e unha pronta actuación por parte das administracións pertinentes para non ter que lamentarnos nun futuro”, rematan dicindo a concelleira.



MOSTRA FOLCLÓRICA. O Concello de Viveiro foi o escenario do desfile e a gran gala final da 42ª Mostra Folclórica Internacional, cun gran éxito de público e participación. O evento posiciona a Viveiro como un referente cultural, con amplo recoñecemento internacional xa que pertence ao CIOFF (Consello Internacional de Organizacións de Festivais de Folklore e das Artes Tradicionais), integrado na ONU-Unesco.

Avanzan nas xestións para solucionar o estado ruinoso de dous edificios



O Concello de Viveiro leva tempo traballando para solventar a situación na que se atopan dúas edificacións na rúa Antonio Bas e na praza Juan Donapetry, contando cun importante avance neste momento ao estarse a tramitar un expediente de licenza de obra. Este tema tratouse no pleno municipal celebrado onte pola noite.

Ante o estado ruinoso de dous inmobles situados nestas rúas, dende o Departamento de Urbanismo tramitouse un expediente de orde de execución. Ante o seu incumprimento, tramitouse execución

forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, ata un total de catro multas, que foron pagadas polos propietarios.

Tras as tramitacións realizadas, os propietarios solicitaron licenza de obra para demoler a edificación na que se ubicaba unha lavandería e para realizar labores de conservación e mantemento no antigo Serra.

Este expediente atópase en tramitación e, neste momento, está pendente a presentación da documentación requirida para a tramitación da autorización de Patrimonio.

O PP pide preferencia peonil para a avenida de Cervantes

O solicita ao goberno local “dar maior visibilidade á sinalización” de preferencia peonil na avenida de Cervantes. “De nada serve establecer prioridade para os peóns nalgunha das rúas máis concorridas do casco antigo de Viveiro como é a avenida de Cervantes, se a sinalización non é suficiente para que os condutores dos vehículos coñezan as normas de circulación desa vía e, polo tanto, non as respecten creando situacións de risco para os peóns”.

Propón, nese sentido, que o goberno local -en coordinación cos técnicos e a Policía Local- busque “a solución máis axeitada para dar máis visibilidade” á sinalización vertical colocada na marxe dereita á entrada da avenida: Os populares explican que “para os condutores dos vehículos procedentes da ponte da Misericordia pasa desapercibida e aos que entran dende o lado de Celeiro cústalles de ver”.

XI
ENCONTRO
DE
PALILLEIRAS

1 de Outubro
de 2022

CONCELLO
DE XOVE

Comezan as melloras do sistema de saneamento de Celeiro

Comezaron as obras de mellora do sistema de saneamento de Celeiro, en Viveiro, que suporán un investimento autonómico de máis de 3,8 M€. Unha vez realizados os traballos previos de instalación de casetas, agora estase a avanzar no acopio da tubaxe para a nova condución de vertido, así como dos lastres, que se están a fabricar in situ.

A intervención prevé a construción dun novo bombeo e un depósito de retención, que levarán directamente as augas residuais de Celeiro cara ao novo pretratamento da depuradora de Viveiro.

Os traballos, cun prazo de 12 meses, inclúen, ademais, a mellora da condución de vertido submarino da depuradora municipal, ampliada para asumir o incremento de demanda procedente deste núcleo.

A execución comezará, primeiro, por ir soldando en terra tramos de tubaxe duns 250 metros que despois se remolcarán ata a zona de fondeo para colocalos na posición proxectada. Despois afundirase a tubaxe e unirase tramo a tramo no fondo mariño.

Máis en detalle, executarase un bombeo cun tanque de tormentas de 650 m3 de volume útil que substituirá o actual bombeo de pretrata-



mento de Celeiro, e desde o que se impulsará a auga ata o novo pretratamento de Viveiro. Permitirá a laminación, tanto nas puntas durante o día, como nos caudais en tempo de choiva.

Así mesmo, construírse unha nova condución de sumidoiro submarino que se conectará ao actual tramo terrestre e que funcionará por gravidade a través dunha cámara de carga situada a continuación da desinfección da depuradora.

O Campionato de España de Caza Fotosub Apnea chega á localidade

O Concello de Viveiro será o escenario do XXXI Campionato de España de Caza Fotosub Apnea, que terá lugar do 8 ao 11 de setembro, organizado pola Federación Galega de Actividades Subacuáticas e coa colaboración do concello.

Na presentación da proba, celebrada esta mañá no concello, a alcaldesa, María Loureiro, destacou que “para Viveiro é unha honra acoller unha proba deportiva destas características e contribuír a difundir e promover a Caza Fotosub Apnea, que é unha actividade subacuática bastante recente e pouco coñecida aínda na nosa comunidade”.

Ao longo dos vindeiros días, os veciños de Viveiro terán a oportunidade de achegarse un pouco máis a esta modalidade deportiva, que consiste en fotografar o maior número de especies de peixes no transcurso da competición.

Para isto, os deportistas dispoñen dun tempo de cinco horas para realizar as capturas fotográficas, a pulmón libre e no seu medio natu-



ral, e dun espazo de tempo posterior, entre 3 e 5 horas, para identificar as especies e seleccionar as imaxes que cada participante presentará ao xurado.

A competición terá lugar na contorna da Insua de Area, que é unha zona protexida, de gran valor ecolóxico e grande biodiversidade, integrada dentro do espazo da Rede Natura 2000.

Vanse restaurar os retablos das portas de Carlos V e da Vila



Os operarios municipais do Concello de Viveiro procederon á retirada das imaxes dos retablos da Porta de Carlos V e da Porta da Vila para a súa restauración.

Trátase, en concreto, das imaxes de San Roque, situada no retablo da Porta de Carlos V, e das imaxes de Cristo Crucificado, da Virxe María e de San Xoán, do retablo existente na Porta da Vila.

Ademais das restauracións das imaxes referidas, realizaranse traballos de limpeza e restauración en ambos retablos.

O Concello de Viveiro conta coa pertinente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a realización destes labores, que serán realizados por persoal especializado.

*Hijos de
Ramón Rubal*

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Chegan as XVII Xornadas Mar por Medio de Ribadeo

Ribadeo acollerá as XVII Xornadas Mar por Medio, que durante moitos anos valeron para a proxección, análise, debate e estudo do que é a Galicia contemporánea.

O programa, que terá lugar entre o 16 e o 18 de setembro, está xa completamente pechado e para asistir hai que anotarse a través da web.

Esta cita foi fundada polo que foi director do Centro de Estudos Galegos na Universidade de Oxford, John Rutherford, e que vinculou a este Concello singular da mariña lucense aos máis altos especialistas na visión e no estudo pormenorizado de moitísimas temáticas diferentes.

Ademais da temática que ten que ver cos camiños e cos peregrinos, haberá momentos para o lecer como é a actividade musical e tamén para



facer unha referencia a unha poetisa ribadense da que este ano celebramos o seu centenario Luz Pozo Garza, a importancia da súa figura e da súa persoa estará presenta tamén nestas xornadas

Beetle Judge celebrará o seu 25 aniversario cun concerto

O grupo de rock ribadense Beetle Judge celebrará o seu 25 aniversario este 9 de setembro cun concerto solidario no auditorio de Cabanela ás 22.30 horas e con entrada de balde. O concerto terá unha parte orientada ás súas novas composicións e outra parte na que músicos convidados doutras bandas da comarca da Mariña e que interpretarán xunto a eles o repertorio máis clásico da banda.

A banda conta con dous EPs e dous discos e tivo o seu auxe a finais dos anos 90 e principios dos 2000, che-

gando a facer unha xira polo estado español e teloneando a artistas do calibre de Hamlet, Dream Theater, Los Suaves ou Siniestro Total entre outros, tamén participou en festivais de renome como o Doutor Music Festival ou o Derrame Rock.

A banda conservou os seus membros orixinais ata o ano pasado cando se incorporaron ao grupo un novo batería e un guitarrista rítmico. A súa última gravación data do ano 2019 e é un ep autoeditado baixo o título de A Walk by the Clouds.

A Autoridade Portuaria abre o acceso libre e público á Illa Pancha

A Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao comprométese a garantir o acceso libre e público á Illa Pancha e por iso a Brigada de Obras municipal retirou o cartel que prohibía o paso a esa zona.

Segundo a Autoridade Portuaria "atendendo ás bases de partida das condicións de acceso do público á illa, ao devir xurídico ata o momento en relación co devandito acceso público, e á posibilidade actual de dispoñer de tecnoloxía que permita á AP a xestión directa do devandito acceso, esta AP dispoñerá as seguintes medidas, encamiñadas a que o acceso do público á illa sexa controlado directamente pola AP de modo remoto, e que devandito acceso sexa o máis universal posible".

Así, refírense á colocación de tecno-



loxía no portal da illa que permita acceso do público todo o ano cun automatismo que funcionará grazas á instalación dun router 4G ó 5G desde o amencer e ata o ocaso e tamén que garanta o acceso a vehículos de servizos de emerxencia en calquera momento.

Provisionalmente, mentres os automatismos non estean a funcionar, o concesionario do hotel terá que abrir e pechar manualmente o portal de paso humano, para acceso universal á illa, entre as 09.00 e as 21.00 horas, salvo causas de forza maior que lle impidan realizar este traballo.

Veciños quéixanse do estado da tapa do contedor de lixo soterrado

Veciños de Ribadeo veñen de queixarse de que levan varios días coa tapa do colector de lixo soterrado en mal estado. Así, informaron de que xan van "catro días contando con hoxe, martes 16 de agosto, son os que leva coa tapa levantada este contedor de lixo".

A situación preocupa bastante á veciñanza pois "pode caer un cativo ou romper unha perna unha persoa maior", engaden, "como se pode apreciar, no fondo hai un leito de cristais rotos e lixo de todo tipo".



Este colector de lixo está situado en pleno centro de Ribadeo fronte as vivendas sociais, "ademais

estamos en festas con miles de visitantes e turismo en pleno mes de agosto".

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A praia do Cargadoiro seguirá pechada despois de 3 anos e a insistencia veciñal

Os accesos á praia do Cargadoiro seguirán pechados malia a insistencia dos veciños tralo seu derrubamento fai tres anos.

Esta pequena cala situada entre o porto de Ribadeo e o faro de Illa Pancha permite aos máis maiores acudir a pé tanto no verán coma no inverno. “Esta é unha praia que levamos usando todos os veciños durante moitísimos anos porque é moi céntrica, e ademais é a que usamos a veciñanza de maior idade e que non ten vehículos para ir a outras máis afastadas”, di unha veciña moi enfadada.

Esa baixada resultou danada polos temporais do inverno do 2020 ao igual que aconteceu en Rochas Brancas, aínda que neste caso o arranxo xa foi executado.

O mar, a choiva e o vento fixeron estragos nos accesos a os dous areais ribadense, o de Rocas Brancas, nas inmediacións de Illa Pancha, e o do Cargadoiro. No primeiro caso a baixada foi literalmente rota en dúas partes, mentres que no segundo, parte das escaleiras quedaron no aire por un desprendemento.

No tocante ao Cargadoiro tanto os técnicos de Costas como os técnicos



municipais concordaban na dificultade de levar a cabo unha actuación que presentara a seguridade necesaria para os usuarios desta infraestrutura, o que obrigou a contratar a unha empresa especializada en xeoloxía para que analizase o terreo, como estaba, como estaban as escaleiras e as posibles solucións.

Tras un primeiro informe da empresa, no verán do 2021, concluíuse que “o terreo estaba inestable e que a día de hoxe non era segura esta baixada tal como está”. Polo que dende entón están a traballar nas medidas que eles propoñían para reforzar o terreo para abrila, “habería que reforzar a escaleira na baixada, non enteira senón en certas partes”.

Moitos son os veciños que protestaron polo seu peche e que ven que despois de case tres anos a praia segue igual, polo que algún veciño achegouse ata o Concello a preguntar pola problemática e o que lles contestaron foi “que era cousa de Costas”. Polo que colleron o teléfono e chamaron persoalmente a esta Administración para informarse, ao que lles responderon que “a competencia en conservación e mantemento lle corresponde á administración local segundo un Decreto”. Incluso comentoulles que despois de ver in situ o problema, explicaron algunhas directrices para arraxala. “Os veciños estamos fartos de tantas mentiras por parte do Concello e esiximos

unha explicación. E o que pasa é que a xente que está gobernando non quere amañala”, di un veciño.

“Pasou un ano, pasa outro, e así seguimos, pero seguro que como para o ano hai eleccións municipais pois poñeranse mans á obra”, engade un veciño, “gobernar é moi bonito para uns, pero hai que facelo para todos”. Por outra banda, tamén se queixan do estado de mantemento da vila en xeral. Poñen como exemplo o parque de Ribadeo “que sempre estivo cheo de bancos para sentarse, e agora quedan catro e por riba cheos de excrementos das pombas, baldosas levantadas, etc.”, explica un veciño, “E como isto así está toda a vila, todo abandonado”.

Outros engadiron que nas súa rúa teñen que ser eles que a barran e limpen pois “o Concello non fai nada. Nos mesmos barremos e botamos lixivia para sacar a verdina e limpar as beiravía, e isto non é xusto”.

“Que máis da que se faga unha rúa ou unha obra moi ben feita e que saian nas fotos sorrindo, se despois abandonan todo?”, remata dicindo unha veciña, “que mire por todos os veciños. Non ten quen mirar quen lle bota ou que non”.

O PP trasladou queixas de ribadenses en materia de limpeza e saneamentos

O Grupo Municipal do Partido Popular vén de trasladar diversas queixas veciñais en materia de limpeza e saneamentos de rúas, contedores, etc. da vila. “Os veciños trasladáronnos innumerables queixas e entre ela está o problema da decadencia do mobiliario urbano ou o mal estado do alcantarillado da vila”, din dende o grupo popular.

Así, dixeron que levan tempo propoñendo a creación dun calendario durante toda a lexislatura para ter unha programación de limpeza e baldeo nas rúas, baldeo de contedores, limpeza de xardíns e áreas recreativas e a creación dunha app para controlar o lixo dos colectores.

“Ribadeo necesita tamén dunha xestión responsable por parte do goberno nas praias do municipio, pois as irregularidades nestas provocan que as boas cifras do turismo en Ribadeo se vexan empañadas”, engadiron.

Por outra banda tamén denunciaron o abandono da Casa da Ría, por parte da comunidade de montes de Ove “un edificio público que serviría para facer observacións astronómicas, unha actividade que agora mesmo se está a facer na praia dos Bloques ou donde diga o BNG”.

4
40º ANIVERSARIO

PARLAMENTO DE GALICIA

EXPOSICIÓN
O PODER DA PALABRA
40 ANOS DO PARLAMENTO DE GALICIA | 1981 - 2021

LUGO
8 DE SETEMBRO - 8 DE OUTUBRO

SEDE AFUNDACIÓN
Praza Maior, 16 Lugo

Horario
Luns a venres de 17.30 a 20.30 h
Domingos e festivos pechado

Colabora:
// Afundación
Obra Social ABANCA

O PP critica o estado da área recreativa do Monte Castelo

O PP critica a Llano polo abandono da área recreativa do Monte Castelo e denuncia que os servizos só se abriron este verán para a romaría.

O portavoz popular, Manuel Rouco, sinala que “o goberno local sigue a incumprir os compromisos máis básicos coa nosa vila, de maneira que dá unha imaxe lamentable tanto para a veciñanza como para os visitantes”. Destaca que, entre outros moitos, incumpre “o seu compromiso, recollido por escrito, coa área recreativa do Monte Castelo”.

O portavoz popular di que o alcalde “ten tan pouco interese nesta área que practicamente en todo este mandato só subiu para facerse a foto no telescopio colocado no miradoiro do Monte Castelo e para ser visto na romaría do mesmo monte polos veciños”. “O desinterese do alcalde queda claro na imposibilidade de usar os servizos alí instalados, porque o goberno municipal presidido por Llano decidiu telos pechados ao longo deste verán e só os abriu en exclusiva para a romaría”.

Deseñan o programa cultural da tempada

Burela publicou a programación cultural para esta tempada na que os sábados haberá unha ampla variedade de actos para todos os públicos.

O xoves 8 a veciñanza gozará dunha nova sesión de cine na rúa coa proxección en pantalla xigante da película *Live is life*, ás 21.30 horas na praza da Mariña. E o sábado 24 será a quenda dos contos da man de Caxoto e os seus Contos para a igualdade ás 18.00 horas.

O sábado 1 poderase desfrutar de *Lúa* a cargo de Teatro Ghazafellos ás 18.00 horas, o seguinte, o día 8, será a quenda do musical Banda Dr. Queen, e o día 15 será o concerto a cargo de Música Miúda, *As historia de Bemol Pequeno*, ás 18.00 horas.

A seguinte semana haberá un musical infantil co grupo Cosquillas, e o derradeiro sábado os monicreques de Kukas presentan a obra Don Gai-feros ás 19.00 horas. Tamén o venres 28 Lara Hierro fará un monólogo para corpo en movemento ás 21.00 horas.

Renovan o abastecemento de auga e o pavimento na rúa burelesa da Capela

O alcalde de Burela, Alfredo Llano, e o tenente de alcalde e edil de Obras e Servizos, Ramiro Fernández, supervisaron as obras que renovarán a rede de abastecemento de auga e o pavimento da rúa da Capela, na Vila do Medio, cun orzamento de execución que ascende a 120.153,41 euros financiado exclusivamente coas arcas municipais.

As actuacións, que xa se iniciaron, substituirán a actual rede de abastecemento de auga, ordenando as redes privadas que discorren pola rúa cun saneamento separativo que ata o de agora non existía. Tamén se renovará esteticamente a contorna mudando a capa de asfaltado actual por un solado de adoquín de granito, garantindo a accesibilidade de todas as persoas cunha plataforma única sen desniveis.

A obra proxecta polo tanto unha rede de augas pluviais para recoller as baixantes e a escurrentía superficial por medio de sumidoiros dispostos ao longo da rúa, e outra rede separada de augas negras para recoller as acometidas ás vivendas. Ademais, restituírase a cota das tapas dos pozos existentes de toda a superficie afectada polas obras. “A proposta baséase en dotar a estas rúas do barrio histórico de Burela dunha pavimentación e dunhas instalacións urbanas apropiadas, poñendo en valor a zona”, sinalou o tenente de alcalde,



“facéndoa atractiva para que a xente decida investir aquí”.

TRAVESÍA DA IGREXA. A travesía da Igrexa xa está a punto despois das obras realizadas na zona para mellorar a accesibilidade, renovar o firme con asfaltado e instalar unha nova rede de abastecemento de auga e saneamento.

O alcalde de Burela, Alfredo Llano, e o tenente de alcalde e edil de Obras e Servizos, Ramiro Fernández, revisaron os acabados da obra no lugar, unha actuación na que se investiron 33.811,77 euros de fondos municipais.

Substituíuse completamente o firme de asfalto nunha parte da travesía da Igrexa, habilitando unha rampla de comunicación coa travesía do Río que se atopa uns 53 centímetros máis baixa, para a cal tamén foi ne-

cesario reformar a beirarrúa no seu tramo final e instalar unhas novas redes de servizos urbanos.

Ademais, renovouse o alumeadado con tres novas farolas a unha cota inferior ás fiestras da planta primeira. Tamén se realizou unha nova instalación de subministro de auga, saneamento e augas pluviais, cunha nova rede separativa.

O alcalde sinalou que “era necesario conectar estas dúas travesías de xeito accesible para que ninguén teña problemas para transitar por elas, un obxectivo que perseguimos e imos acadando pouco a pouco, renovando tamén as instalacións e os asfaltados”, afirmou.

RÚA CAMIÑO REAL. O Concello de Burela anuncia o inicio das obras na rúa do Camiño Real para mañá, mércores 23 de agosto, se as condicións



climatolóxicas o permiten. Unha actuación financiada polo Plan Único da Deputación na que se invisten 74.065,87 euros para o asfaltado en quente do tramo seleccionado desta vía e a renovación parcial da rede de abastecemento de auga.

Os traballos de asfaltado dividiránse en tres tramos, o comprendido entre o cruce coa avenida Arcadio Pardiñas ata a rúa do Cantiño, deste punto á rúa do Ril, e o terceiro ata a rúa Marqués de Sargadelos. Estenderase unha nova capa de rodadura, renovando despois o pintado na calzada da sinalización horizontal, mellorando a seguridade da vía.

Ademais, renovarase as tubaxes de abastecemento de auga que estaban moi deterioradas e que ocasionaron algunhas ocasións cortes nas instalacións da contorna, evitando esta situación nun futuro tras as obras.



AMARTE. O Concello de Burela entregou os premios do VI Certame Internacional de pintura mural Amarte, do que saiu vencedor o madrileño Paulino Borreguero. O alcalde de Burela, Alfredo Llano, e o edil de Cultura, José Díaz, fixeron entrega do galardón, con 1.600 euros para o primeiro premio, o mural titulado *El cazador cazado*.

A Deputación de Lugo inviste na mellora de estradas da comarca

A Deputación de Lugo aprobou un novo investimento por preto de 1,3M€ para a mellora da rede de estradas provincial. Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a reunión da Xunta de Goberno, na que se acordou adxudicar obras en seis vías que discorren polas comarcas de Lugo, a Terra Chá, A Montaña, A Mariña, A Ulloa e a Ribeira Sacra.

García Porto lembrou que a rede viaria provincial da Deputación de Lugo “é a de maior extensión de toda España e para o seu acondicionamento

e mellora destinamos moitos recursos económicos”, recordando que “nos Orzamentos deste ano 2022 están consignados máis de 17M€ para estas vías, o que representa preto do 20% do presuposto total da institución”.

Así, mellorará a estrada da Marosa, a LU-P-1510, que conecta San Cibrao con Burela no seu tramo inicial, dende o comezo da vía ata o punto quilométrico 9,301, cun orzamento de 123.420€. A empresa Carferlo SLU realizará a obra que ten un prazo de execución de 3 meses.

a Federación de Comercio «Facendo Mariña»
Volta ao Cole
Volta a comprar na Mariña!



O Concello comprará solares para ampliar servizos públicos

O Pleno aprobou o expediente para iniciar os trámites de compra de solares na rúa Torques e do Instituto. O obxectivo principal desta proposta de alcaldía é a de ampliar a rede de servizos públicos na localidade adquirindo solo dotacional como primeiro paso para agrandar as posibilidades do concello.

O rexedor, Alfredo Llano, explicou que o concello mercará terreos que superan os 25.000 metros cadrados pola vía da expropiación, "o cal xa está falado previamente cos propietarios, que son coñecedores desta situación", subliñou, de xeito que "chegaremos a un acordo satisfactorio para ambas partes, tanto para eles como para o concello".

A motivación principal desta compra responde a unha necesidade latente de crear novos servizos públicos como residencias para persoas con diversidade funcional, facilitar a construción de instalacións deportivas ou mesmo dar resposta a determinadas peticións no eido escolar. "Queremos seguir buscando posibilidades para crear unha rede forte no sector público que dea cobertura a moitas das demandas que nos fan chegar e que son necesarias para o progreso de Burela", definiu.

Ademais, o pleno deu luz verde ao calendario de festivos para a anualidade 2023, sendo días non laborais no municipio o martes de entroido e o luns das festas patronais.

Por outra banda, tamén saíu adiante unha proposta de alcaldía demandada pola Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña, urxindo cunha serie de peticións concretas a solucionar por parte da administración autonómica as eivas en materia sanitaria que están a sufrir tantos os veciños e veciñas da localidade e comarca, como os profesionais sanitarios cunha excesiva carga de traballo. Deste xeito, solicitarase entre outras cousas que se garanta a cobertura das necesidades existentes nos servizos que se foron desmantelando nos últimos anos e que se contraten profesionais suficientes para atender aos pacientes, acurtando os dilatados prazos de agarda.

Remata o pintado do muro da antiga conserveira co Burela-IN

Rematado o muro tras meses de traballo e un deseño con moito significado e valor dos artistas burelenses Belén Mogo e Martín Lestao, gañadores do BurelaIN.

Burela, o mar e as súas xentes é unha verdadeira obra de arte feita con pezas da antiga fábrica de Gres que xa se puido ver e desfrutar na Feira do Bonito. A peza rende homenaxe ás mulleres do mar sobre os mesmos restos da antiga conserveira: peixeiras, redeiras e conserveiras representando o seu imprescindible papel no desenvolvemento da Burela industrial vinculada ao mar.

O Concello agradeceu principalmente "a Belén e Martín por regalarnos este deseño e por implicar-



se ao 100% no proxecto. Tamén á Confraría de pescadores por ternos cedido o muro para realizar esta acción subvencionada polo GALP. E por suposto, un agradecemento moi especial ás entidades de inclu-

sión social que participaron na creación do mural".

"Tradición, vangarda, arte, inclusión, cultura, mar, pesca, cerámica... todo iso e moito máis vos agarda en Burela", dixeran os seus creadores.

Dous centros bureleses estarán no programa Educación Responsable



Dous centros educativos bureleses incorpóranse este curso ao programa Educación Responsable que ten como obxectivo o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, e que se realiza en colaboración coa Fundación Botín.

Estes centros serán CEIP Plurilingüe Virxe do Carme e o IES Perdouro e na actualidade están a traballar esta iniciativa 71 centros de ensino, 8.766 alumnos e 735 docentes, aos que se sumarán os novos seleccionados.

Como novidade para o curso 2022/23, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades incorpora, para os centros galegos participantes no programa, un novo recurso educativo denominado Playing Emotions, relacionado coas novas tecnoloxías e a análise das técnicas narrativas, sempre desde unha perspectiva das emocións.

Deste xeito, a iniciativa entronca co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica e coa Estratexia Educación Dixital, dado que inflúe na disposición dos espazos das escolas, propiciando ambientes confortables e inclusivos para o alumnado. Ademais, emprega ferramentas cuxo uso fomenta a competencia dixital nos procesos

de ensino-aprendizaxe relacionados coa igualdade, a convivencia e a inclusión.

FASES. O programa Educación Responsable está centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa, que se realiza de forma coordinada entre todos os centros da rede de Centros Educación Responsable de Galicia. A iniciativa desenvólvese ao longo de tres cursos nos que, a maiores de levar ás aulas as actividades e materiais dos que dispoñe o programa, os centros contan con formación vencellada ao Plan de Formación Permanente do Profesorado, así como financiación para desenvolver o programa a través dos Contratos-Programa.

Galicia incorporouse a Rede de centros de Educación Responsable no curso 2014/2015. O programa desenvólvese noutras comunidades españolas, concretamente en Cantabria, Madrid, A Rioxa, Navarra, Murcia, Castela e León, Aragón e Comunidade Valenciana, así como nos países de Uruguai, Chile e México.



Motolugo

CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

HONDA CB500X
PÁSATE A LA AVENTURA



Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81



REGALA BELLEZA

Kit Operación D3tox

¡Conserva el moreno todo el año con nuestro solarium!!!

- LÁSER DIODO
- LÁSER IPL
- DEPILACIÓN HILO
- CAVITACIÓN
- PRESOTERAPIA
- ESMALTADO SEMIPERMANENTE
- EMBELLECCIMIENTO DEL PIE
- EXTENSIÓN DE PESTAÑAS
- TRATAMIENTOS FACIALES Y CORPORALES



Dermatología
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486



Esther Eiros doa unha ampla bibliografía para crear un espazo de viaxes



A xornalista Esther Eiros Rascado, natural de Bretoña, dona ao Concello de Mondoñedo a propiedade de bibliografía composta polos seus libros de viaxes a nivel nacional e internacional, guías e fotografías, así como un resumo dos premios e recoñecementos ao longo dos seus 52 anos de profesión, 33 co premiado programa radiofónico 'Gente Viajera'. Eiros e o alcalde, Manuel Otero, firmaron o acordo nun acto na Casa do Concello.

Mondoñedo creará, deste xeito, o espazo Esther Eiros, Gente Viajera que a xornalista ofrece á memoria da súa tía Purificación Rascado Alonso, "la persona que me regaló mi primer libro de tapas blandas con poesías de Rosalía de Castro que -junto a la lectura del clásico Cumbres Borrascosas, de Emily Brontë, y de obras de Emilia Pardo Bazán- me inclinó hacia

el periodismo, escribir historias y poesía". Eiros explica, en relación ao seu interese pola información turística, que naceu "partiendo de aquella maleta de cartón que me llevó a la capital de España desde la estación de Lugo a Madrid en el que era mi primer viaje en tren. Desde entonces ha llovido mucho. Y ahora estoy viendo el resurgir de la bella ciudad de Mondoñedo, a donde llegan muchos peregrinos por el Camino Norte de Santiago".

A xornalista colaborará tamén de forma altruísta na produción de conferencias e actos culturais e na súa difusión a nivel nacional.

A nova iniciativa cultural incrementará a oferta de servizos municipais na área Rexurbe, no ámbito urbano cuxa rehabilitación urbanística e inmobiliaria avanza con decisión, co impulso do Concello e da Xunta.



Recuperada a policromía do retablo e pinturas da catedral

Restaurouse a policromía do retablo e pinturas murais da catedral cun investimento superior aos 270.000 euros, dentro do Plan Catedrais. Actuouse no conxunto mural do presbiterio, cruceiro e nave, no retablo e no cadeirado do coro. Entre as distintas intervencións, realizouse un estudo medioambiental recollendo as medidas de humidade e temperatura e documentáronse as caracte-

ísticas técnicas da superficie do conxunto mural. Simultaneamente realizouse a restauración do conxunto mural con diferentes limpeza, consolidando estratos pictóricos e alixeirando vernices escurecidos. Fíxose tamén unha reintegración cromática para dotar ao conxunto dunha correcta lectura que puxese en valor os restos de policromía que se conservaron.

Mondoñedo celebrará dende o día 10 as festas dos Remedios

A tradicional festividade na honra da Virxe dos Remedios volverá celebrarse este ano tendo coma eixo central a ofrenda que presentan as cidades e vilas capitais de partido xudicial da Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

A ofrenda, que se mantivo sen interrupción ao longo dos anos da pandemia, será presentada nesta ocasión polo alcalde do Concello de Mondoñedo, e recuperará, este ano si, a tradicional procesión coa imaxe da patroa, acompañada pola banda de música Pascual Veiga, e coa traca pirotécnica habitual.

No que respecta ao cartel festivo, un total de 5 orquestras actuarán no paseo central da Alameda, destacando ao Grupo Beatriz, a noite do sábado a partir das 00.00 horas, xusto a continuación do remate do concerto de Treixadura na praza da Catedral. A sesión vermú do domingo estará amenizada pola orquestra



Los Españoles, con música para todas as idades, e pola noite volverán cun novo pase xunto a La Favorita. O luns dos Remedios, festivo local, será o día da misa de confrades e a ambientación musical neste día correrá a cargo da orquestra Nueva Fuerza.

O programa complétase coa Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela, prevista para o domingo dos Remedios, o dúo Belinda, e os coros Mondoniense e Mestre Pacheco, a festa de clausura das piscinas municipais, así como unha ruta de sendeirismo. O martes 13 as atraccións infantís farán descontos nas fichas para os máis pequenos.

CANTOS DE TABERNA. Mondoñedo acollerá o 10 de setembro a décima xuntanza dos Cantos de Taberna no que participan unha ducia de locais de hostalaría do municipio.

Así, ás 20.00 horas haberá unha xuntanza dos grupos participantes nos Cantos de Taberna e despois un concerto do grupo galego Treixadura. Acto seguido os asistentes poderán desfrutar da foliada aberta. Para participar será necesario inscribirse chamando ao 605 582 624.

Os socialistas preguntan pola ubicación do punto limpo que quere construír o Concello

O Grupo Socialista interesouse no Pleno pola ubicación do Punto Limpo, tamén polo custe da produción do concerto de Café Quijano e polos pasos que está dando o concello en relación a denuncia da empresa que realizou melloras na Casa da Cultura, á que lle rescindiron o contrato.

Os socialistas explican que segundo consta nun decreto de Alcaldía, o pasado mes de maio a Consellaría de Medio Ambiente a través dos fondos Next Generation da UE anunciou axudas para concellos destinadas a recollida de residuos, e Mondoñedo solicitou unha subvención de 261.000 euros para a construción dun punto limpo. Un proxecto que conta cun orzamento total de 350.000 euros. Nesta sesión plenaria preguntamos cal sería a posible ubicación deste espazo, e a contestación por parte do Alcalde foi que "non se sabe".

Ademais neste pleno tamén nos interesamos polos custes de produción do concerto de Café Quijano, que se celebrará o vindeiro 17 de setembro, na praza do Seminario. Segundo explicaron o concerto non ten ningún custe para as arcas públicas municipais, "xa que está

financiado polo Xacobeo", sinalan. A voceira do Grupo Socialista, Esperanza Gonzalez tamén interpelou ao Goberno Local sobre o procedemento xudicial que mantén o Concello de Mondoñedo coa empresa SUNNE GALIZA S.L.U, que foi a encargada de realizar parte do proxecto de acondicionamento de locais e salas polivalentes para uso deportivo na Casa da Cultura, á que se lle rescindiu o contrato porque non cumpriu coas súas obrigas. Por este motivo o concello de Mondoñedo perdeu a subvención íntegra deste proxecto cun importe total de 96.800 euros. Nestes momentos o concello está personado neste procedemento a través dos servizos xurídicos da Deputación. Os servizos xurídicos avanzaron ademais que a nova empresa adjudicataria para o remate destas obras, tampouco cumpriu os prazos previstos, e polo tanto haberá que facer unha nova licitación. Por último, demandou a través dun rogo, que se cumpran a normativa sobre a utilización das terrazas. "Presentamos este rogo tras coñecer as queixas para que tódolos viandantes poidan circular con seguridade", sinalan.

A Escola de Música organiza o 9 de setembro a gala Mamá, quero cantar!



Mondoñedo e a Escola de Música están a organizar o concerto final da VIII edición do certame de canto Mamá, quero cantar!. Será o venres 9 de setembro ás 20.30 horas no auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo.

Durante esta semana seguirán os ensaios dos rapaces participantes nesta sétima edición e os preparativos para o concerto.

Poden reservar entradas na Oficina de Turismo de Mondoñedo, teléfono 982 507 177, xa que como ven sendo habitual o aforo será limitado, e a entrada de balde.

O Concello aluga a vivenda rehabilitada no núcleo da Pinguela

O Concello de Alfoz vén de informar que a rehabilitación da vivenda de titularidade municipal no núcleo da Pinguela xa está rematada, e que xa se publicaron as bases reguladoras para a selección do arrendatario. Este edificio foi no seu tempo antiga vivenda de mestres, sendo desafectado e considerado ben de carácter patrimonial por acordo de Pleno de 26 de marzo de 2010.

A vivenda dispón de dous dormitorios, un dobre e outro individual, salón-cociña, baño e lavadeiro, cunha superficie útil de 71,21m². A ocupación da vivenda podería ser dun máximo de 3-4 membros consecuencia das estancias das que dispón.

Así, preténdese ceder, en réxime de alugamento o inmovible descrito, como vivenda habitual e permanente a unidade de convivencia con escasos recursos económicos, entendendo como tales, aquelas con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efec-



tos múltiples (en diante, IPREM). O contrato privado de aluguer se realizará pola duración inicial dun ano, contado dende a súa formalización, e poderá ser prorrogado por dous períodos máis de dous anos cada un, ata un máximo de 5 anualidades. As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en impreso normalizado ante o Concello de Alfoz xunto coa documentación necesaria. O prazo de solicitude será de un mes trala publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial de Lugo e dicir, o 12 de setembro.

Actividades do mes

ACTUACIÓNS. A Área de Cultura do ten programadas tres actuacións musicais para o mes de setembro e todas elas no salón de actos da casa da cultura. Estas citas musicais serán ás 20.30 horas e aínda que xa deron comezo o sábado 3 con Mar Aberto, seguirán o sábado 17 con Sons de Celeiro e o venres 23 será a quenda de Toxo Guayaba. Dende o Concello animan á veciñanza a asistir a estes concertos e “non perder a oportunidade de desfrutar da mellor música da Mariña”.

LIONEL REXES. O 8 de setembro chega ás librerías *A montaña do poeta*, a novela do alfocego Lionel Rexes galardoada no Grove co premio Lueiro Rey de Novela a finais do pasado ano. Publicada por Xerais, esta obra ambientada en escenarios tanto rurais coma urbanos, desenvolve a súa trama principal nun lugar imaxinario chamado Lagoa, unha poboación onde o desequilibrio demográfico orixina curiosas relacións sociais. O argumento, familiarizado co thriller de conspiración, parte dun suceso do pasado para

instalarse na actualidade e desenvolver unha acción de alta intensidade. O autor xa gañara o mesmo premio en 2017 coa novela *A raíña das velutinas*, obra que tamén fora publicada por Xerais e gozara dunha segunda edición ao ano seguinte.

CARRILANAS. A Federación Española de Deportes de Inercia informou de que xa está aberta a inscrición para as carrilanas de Alfoz, un evento deportivo que terá lugar o 17 de setembro. A actividade está organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo, un club formado por veciños e amigos de Alfoz. Para anotarse haberá que facelo a través da web. O peche de inscricións será o día 14 de setembro ás 23.59 horas e só poderán participar aquelas persoas que teñan en vigor a licenza federativa anual.

PRESENTACIÓN. O sábado 10 de setembro o salón de actos da casa da cultura de Alfoz acollerá a presentación do libro *Las jarras del trotamundos* do ourolés Javier Mariño Chao. Esta cita será ás 20.00 horas.

Via Alfoz fai balance do alto custe do Mercado Medieval

O grupo municipal de Via Alfoz vén de facer balance do custe “dun evento marcado pola pésima organización por parte do goberno local”. O Mercado Medieval, que este ano organizou “en exclusiva o Concello de Alfoz”, “xa acumula, de momento, máis de 13.000 euros de gastos”, segundo os datos iniciais aos que tivo acceso Via Alfoz. Para a formación independente isto supón un auténtico dispendio, tendo en conta o nefasto resultado do mercado onde “apenas había media ducia de postos fronte ao medio cento que se podía ver nas últimas edicións”. Desde Via Alfoz consideran que a organización desta edición “mostra a falta de coñecemento e de capacidade de xestión do actual goberno municipal, quen vén de tirar por terra todo o traballo feito pola veciñanza de Alfoz nos máis de vinte anos de existencia dunha cita que, outrora, era recoñecida en Galicia entre as festas de recreación histórica”. Un evento que, “segundo lle indicaba Jorge Val aos antigos organizadores, nós somos capaces de organizalo en catro días”.



Asociación GDR 1
Terras de Miranda.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

O GDR TERRAS DE MIRANDA TRABALLA NA CREACIÓN DUN CLUB DE PRODUTO DE ECOTURISMO PARA O TERRITORIO




O GDR Terras de Miranda, en colaboración con Agader e a través do programa Leader Galiza 2014-2020, desenrola un proxecto para a creación dun Club de Produto de Ecoturismo no territorio, cuxos obxectivos serán o fomento da colaboración e o asociacionismo entre os diferentes axentes do territorio, consolidar e mellorar a calidade da oferta de ecoturismo e impulsar un maior desenvolvemento.

Nas zonas rurais o ecoturismo supón unha oportunidade de desenrolo económico, xerando emprego, axudando a fixar poboación e servizos e diversificando a economía local, ao tempo que garante a conservación da súa diversidade e da forma de vida dos seus habitantes.

Traballando nesta liña, o GDR elaborou tamén na anualidade pasada un folleto turístico baseado no produto de ecoturismo do territorio. Establecéndose no mesmo 5 categorías: Observa, escoita, Saborea, Sinte e Vive, que pretenden representar a percepción dos seres humanos da natureza a través dos sentidos. Relaciónanse cada un dos sentidos con un elemento predominante na natureza: Terra, Mar, Aire e Pedra, describindo as actividades que o visitante pode atopar dentro de cada unha.

O folleto está dispoñible na páxina web do GDR: www.terrasdemiranda.org e conta con un código QR para obter unha información completa do mesmo, así como das actividades.



X 21-22



Asociación GDR 1
Terras de Miranda.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

Organizan o Certame de teatro amador ConVida no Rural en outubro

O equipo de Goberno local, dende a súa área de cultura, e mailo Colectivo Cultural Ollomao convocan o I Certame de teatro amador ConVida no Rural que terá lugar no mes de outubro en Barreiros.

Trátase dun certame que terá lugar os sábados e domingos do mes de outubro alternando o centro sociocultural de San Cosme e os Colexios Vellos de San Miguel. No mesmo empregárase preferentemente a lingua galega e admítense calquera tipo de xénero.

Os interesados en participar deberán inscribirse nas oficinas municipais ou ben enviado un correo a dinamizacion@concellodebarreiros.gal coa documentación que se require nas bases que están publicadas na web municipal www.concellodebarreiros.gal antes do 6 de setembro de 2022.

PREMIOS. O día 1 de novembro, nos Colexios Vellos de San Miguel de Reinante, terá lugar a gala de premiación onde se entregarán 600€ máis trofeo como primeiro premio e 200€ máis trofeo como segundo premio. Ademais dos referidos premios galardóarase con trofeos ás mellores actrices e actores protagonistas e de reparto. Ese día, o grupo de teatro C.C. Ollomao, pechará o certame cunha representación teatral que non entrará a concurso.

Para a resolución de calquera dúbida queda a disposición o teléfono: 982 124 002 e o enderezo electrónico: dinamizacion@concellodebarreiros.gal Este primeiro certame de teatro amador conta co cofinanciamento da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo que apoia a dinamización das zoas rurais.

O Goberno local adxudicará varias obras en viais municipais

O Concello licitou obras correspondentes ao Plan Único da Deputación e ao Plan Marco de Camiños da AGADER en viarios municipais que suman preto de 10 kms. O importe total das obras licitadas supera os 270.000 euros, que se prevén executar unha vez finalizado o verán.

As actuacións a levar a cabo desenvolveranse en todas as parroquias e incluírán, dependendo do tipo e estado do viario, traballos en aglomerado, rego asfáltico ou rebacheo. Unha das actuacións máis importantes é o arranxo con aglomerado en quente dos máis de dous quilómetros que dan acceso ao Val do Caíno desde San Xusto; así como a pista principal de Vilar, en San Cosme.

Ademais destas actuacións, tamén se contemplan traballos en Reinante, San Miguel, Benquerencia, Ceilero ou Vilamartín Pequeno; así como outros menores en San Xusto e San Cosme.

O concelleiro de obras e tenente da



alcaldesa, Antonio Veiga, explicou que con estas actuacións, o Concello de Barreiros suma o arranxo de preto de 50kms de pistas municipais nos tres últimos anos que hai que engadir os arredor de 10 kms arranxados pola deputación en vías provinciais do termo municipal.

A licitación destas obras foi complexa, debido á inestabilidade de prezos e á importante suba do ma-

terial nos últimos meses, o que ten complicado a execución de obras especialmente nas administracións locais, moito máis vulnerables a esta situación debido á menor marxe de manobra nos seus orzamentos. Segundo as previsións do goberno municipal, sempre que o procedemento administrativo o permita, as obras iniciarán a súa execución neste mesmo ano.

O Concello ten abertos dous procesos de emprego público

O Concello ten aberto un proceso de emprego público mediante concurso-oposición para o posto de condución do tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos como persoal laboral fixo.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 13 de setembro inclusive. Toda a información, as bases e a solicitude está dispoñible na web municipal no apartado de Servizos ou na ligazón directa.

Por outra banda, tamén ten aberto a bolsa de emprego para postos no servizo de Axuda no Fogar Municipal. O prazo para presentar as solicitudes remata o 12 de setembro inclusive.

Toda a información, as bases así como a documentación a presentar está dispoñible na web municipal no apartado de Servizos, ou na ligazón directa.

Ámbalas dúas solicitudes poden presentarse de maneira presencial no Rexistro xeral do Concello de Barreiros de 9.30 a 14.30 horas, tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Isabel Rodríguez resalta o compromiso do Goberno coa conservación da praia de Valea



A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, resaltou o compromiso que mantén o Goberno coa conservación dos recursos e o patrimonio natural da Mariña que se materializa nun novo proxecto para esta comarca co investimento de case 400.000 euros para efectuar melloras na praia de Valea-Coto, no concello de Barreiros.

Isabel Rodríguez anunciou que, tal como prometera o delegado do Goberno nunha visita a Barreiros no mes de decembro, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico vén de sacar a licitación o proxecto para a recuperación e protección do sistema dunar deste areal.

“Cumprimos os nosos compro-

misos, como se pode comprobar no Boletín Oficial do Estado, que publicou a licitación desta actuación de recuperación do ecosistema”, recalcou a subdelegada. O proxecto, que sae a licitación por un importe de 395.318 euros (IVE incluído), consistirá na eliminación de especies exóticas, a restauración con especies autóctonas e a adecuación para o uso público do sistema dunar. Trátase de eliminar as especies invasoras do contorno e frear a súa expansión coa recuperación do sistema dunar, mediante a reordenación ambiental e de accesos que protexa a zona da proliferación de vexetación foránea. O prazo previsto para a execución do proxecto é de doce meses.



O PP urxe a apertura da praia de San Bartolo e a mellora do aparcadoiro de San Cosme

O Grupo Municipal Popular de Barreiros insiste na necesidade de mellorar o pavimento do espazo habilitado como aparcadoiro público no casco urbano de San Cosme. O voceiro, José Manuel Gómez Puente, sinala que “xa é unha lameira” e advirte que o seu estado “é impropio dun pobo turístico”.

O PP amosa tamén a súa preocupación polo risco que supón para os usuarios o seu estado esvaradío: “os vehículos poden patinar e os peóns poden sufrir caídas”. Gómez Puente sinala que “non é de estrañar que chova na Mariña e, tralas últimas chuvias o estado do aparcamento situado ao lado do centro de saúde e preto dos locais comerciais do centro urbano de San Cosme empeorou”. Os populares urxen ao goberno lo-

cal do BNG a acondicionar o aparcamento “en condicións” dotándoo dun firme acorde ás necesidades dos veciños e velando pola súa seguridade.

SAN BARTOLO. Instan tamén á alcaldesa, Ana Ermida, a xestionar con Costas a execución dos traballos precisos para reabrir ao público a praia de San Bartolo. “Son moitos os veciños e veraneantes que teñen as súas vivendas preto de dita praia e séntense impotentes ao ver que dende o 3 de xaneiro de 2021 o goberno municipal segue sen dar unha solución ao problema”. Por iso insta á alcaldesa a traballar co Servizo Provincial de Costas para adoptar as medidas precisas para que sexa posible reabrir ao público a praia.

“Tentamos desfilarse en todos os entroidos da zona que podemos”

Iria Pernas Cagigal é a presidenta dos Macanudos

Quen se atopa ao fronte da asociación? Canto tempo leva no cargo?

Actualmente atópase á fronte da asociación unha directiva composta integramente por mulleres que levan formando parte dos Macanudos dende hai moitos anos. Eu comecei nos Macanudos desde os seus inicios e levo no cargo desde o 2020 mentras que o resto da directiva incorporouse á mesma en maio deste ano.

Como e cando naceu os macanudos?

Os Macanudos nacen en Barreiros no ano 1988, chegando a ser unha formación de 30 persoas. Se ben por diversos problemas internos decidiuse que o proxecto chegara ao seu fin. Pero no ano 2011, un grupo de veciños decidiron retomar a comparsa con algún dos membros que estiveran anteriormente e con novos integrantes que se animaran a participar. Desde entón, todos os anos saímos a rúa a desfilarse en todos os entroidos da zona que podemos abarcar.

Cantas persoas forman a asociación?

Actualmente a asociación consta duns 50 compoñentes que comprende homes e mulleres de idades moi diversas e na súa maioría de Barreiros.

Con que idades?

Temos un macanudiño de tres anos que esperamos que nos acompañe en varios desfiles. Ademais, unha nova incorporación desta tempada é unha nena que a pesar de ter oito anos xa apunta maneiras cos instrumentos. Por outro lado, o macanudo con maior idade ten 54 anos e levo no grupo desde o seu inicio, é un dos piares fundamentais da familia macanuda.

Que tipo de actividades fan?

Os Macanudos céntranse sobre todo no Entroido, a meta de asociación é poder saír a desfilarse cada ano cun traxe novo e poder desfrutar do Entroido coa batukada e as coreografías, para chegar a esa meta organizan outro tipo de actividades como



a Holi Wave e o Carnaval de Verán, ceas temáticas como a de Samaín, ou a do cocido antes do Entroido xunto con outras asociacións.

Cales son os obxectivos que perseguen?

O obxectivo principal é poder saír a desfilarse cada Entroido cun traxe novo e cun repertorio diferente.

Que proxectos de futuro teñen?

O proxecto máis importante para nós actualmente é o Entroido 2023 pero antes de chegar a el haberá outras actividades que polo de agora non podemos revelar.

Como se mantén unha asociación como esta?

Principalmente con moito esforzo e moitas ganas. Ademais das cotas que paga mensualmente cada integrante realizamos varias actividades ao longo do ano para recaudar fondos. Temos unha gran costureira que se encarga de que os traxes señan á

nosa medida e, para aforrar custes, realizamos talleres ao longo dos meses nos cales facemos os tocados e os accesorios dos traxes. Adicámonlle moitas horas!

Contan con apoio municipal para as actividades?

Si, á parte de ter una sede nun local municipal, eventos coma a Holi Wave sin apoio municipal non se poderían levar a cabo ou sería moito máis complicado por todo o equipamento que se precisa, así como todos os permisos precisos para poder facer un percorrido coma o desta actividade.

Como se presenta a vindeira tempada ou o verán?

A verdade é que estamos moi emocionados coa vindeira tempada. Este ano había diversas ideas de traxes moi prometedoras sobre a mesa e estamos convencidos de que a que escollemos vai sorprenden porque é diferente do que levamos ata ago-

ra. Ademais, cremos que os novos compoñentes deste ano veñen con ganas, entusiasmo e boas ideas e isto vai ser clave a hora de divertir e animar á xente cando saíamos ás rúas a desfilarse.

Cal é o acto máis importante que organizan? Como xurdiu a idea do Holi Wave?

Sen dúbida é a Holi Wave. A idea é froito dunha macanuda moi creativa que por aquel entón formaba parte da directiva e que continúa formando parte da asociación. Estabamos buscando realizar algún evento que puidera proporcionar fondos pero que fora diferente aos que había na zona e ela deuse de conta de que en toda a contorna non había ningunha carreira de cor. Ese mesmo ano organizouse a primeira Holi e sempre obtivemos moi bos resultados. Por mor da pandemia tivemos que deixar de facela pero este ano levamos a cabo a III Holi Wave o día 20 de agosto na pista de San Bartolomeo.

o valadouro

Amado Lar comeza a tempada de clases de baile e música

A Asociación Cultural Amado Lar comeza a nova tempada coas clases de baile e música tradicional. Así, os novos ensaios de baile, canto e pandeirata serán os luns, comezando o día 12, en horarios divididos por idades. Os pequenos irán de 17.30 a 19.00 horas e os medianos de 19.15 a 21.15 horas. E os venres será a quenda do baile, canto e pandeirata comezando o día 16 de setembro, de

20.30 a 22.00 para cantareiras adultas e de 22.00 a 23.00 horas para baile adulto. Os sábados será o curso de gaita e percusión, impartido por Bossa, en horario de 18.30 a 21.30 horas e comezando o 1 de outubro. Para máis información haberá que chamar aos teléfonos 609 371 551, 680 766 568, 646 825 113 ou 649 593 139, ou por email en amadolar-valadouro@gmail.com.

Volven as Festas do Oito

O Valadouro volverá ter as súas tradicionais festas de setembro, as Festas do Oito, unhas patronais na honra da Nosa Señora e que contarán con actuacións e espectáculos para os cativos. Así, o día grande, o 8 de setembro, haberá misa solemne ás 12.00 horas seguida de sesión vermú co grupo Fénix que porá a nota musical á noite co grupo Jaque.

O día 9, o Día do Concello, comezará a xornada con pasacalles da Banda de Música de Lourenzán, e o acto

religioso seguido da sesión vermú e a procesión a cargo da banda laurentina. A sesión vermú e a verbena da noite estarán amenizadas por Salsarena, Acontracorriente e Sound Sisters. O sábado 10 volverá o vermú con Camelot, e tamén os cativos poderán desfrutar do seu día con inchables, touro mecánico, festa da escuma, etc. Pola noite haberá Tentacións e Camelot.

O domingo 11, tan só haberá sesión vermú coa discoteca móbil Conxuro.



lourenzá

A XXX Festa da Faba será o 30 de setembro

Presentouse o cartel anunciador e o programa da XXX edición da Festa da Faba, unha edición suspendida por mor da pandemia e que nesta ocasión será do 30 de setembro ao 2 de outubro.

O cartel é obra de Codés Lillo Irimia, que foi a gañadora do concurso convocado polo Concello para a edición deste ano. Durante todas as xornadas poderanse degustar as protagonistas da festa, as fabas de Lourenzá, e o sábado e domingo haberá un tren turístico que percorrerá a ruta da faba.

O venres 30 no claustro do Mosteiro haberá un espectáculo de maxia a cargo de Cayetano Lledó, unha cata de viño da adega Fanrela D.O. Monterrei e por suposto a estrela da festa, as tapas con fabas preparadas pola Asociación de Cociñeiros de Lugo acompañadas da música do grupo Diavolinos.

Na xornada do sábado 1 de outubro poderanse mercar fabas laurentinas nos postos ubicados na praza do Conde Santo así como os postos doutros obxectos de artesanía que estarán polas rúas e prazas do Concello.

Ademais desfrutarase da concentración de Vespafaba & clásicos, dunha exposición de automoción e vehículos agrícolas, e dos pasacalles de música tradicional Catro Canos.



O sábado tamén será o pregón, un showcooking da Asociación de Cociñeiros de Lugo con música da charanga Mekánika e a XII Carreira popular Val das Fabas, que xunto aos xogos tradicionais, a música de Airiños da Freba e orquestra Principal pecharán esta xornada festiva.

O domingo 2 de outubro volverá o mercado ao por maior de fabas e os postos de artesanía, así como os pasacalles de Catro Canos, e outras actuacións musicais a cargo das rondallas Tovadores de Ares, A Mugardeza de Mugar dos e a Charanga Louband.

Tamén está confirmado un recital poético-musical de Rosas Negras con Marina Oural e Chefa Alonso e o espectáculo *Un verso, un cantar* con Queiman e Pousa.

Restaurada a igrexa do mosteiro de San Salvador e seguen as obras de mellora no colexio

Restaurouse a igrexa do mosteiro de San Salvador de Lourenzá nas que se investiron 316.100 euros e se centraron en corraxir as patoloxías existentes para garantir a conservación do ben e favorecer a súa promoción cultural.

A intervención tivo como principais finalidades eliminar os danos estruturais existentes nas fábricas de cantería da nave lateral sur e a supresión de filtracións de auga de chuvia a través da súa cuberta. Tamén a restauración da lanterna situada sobre a cúpula do cruceiro, a reparación de humidades interiores e a renovación integral da instalación eléctrica.

O mosteiro de San Salvador de Lourenzá está considerado Monumento Histórico Artístico nacional dende o ano 1974 e representa un elemento de especial interese no ámbito do Camiño Norte.

COLEXIO. Estanse a levar a cabo as obras de mellora da eficiencia enerxética no CEIP Juan Rey, ás que se destinan preto de 311.400 euros.

Entre as actuacións destacan a substitución de portas e ventás por unhas de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmico e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos, de seguridade e con cámara de aire intermedia. Terán apertura oscilobatente para facilitar a ventilación e tamén se inclúe a substitución das caixas de persianas. Así mesmo, incorpórase illamento na cuberta e cámbianse os equipos de iluminación por outros tipo LED de menor consumo, con regulación luminosa e detectores de presenza na zona administrativa, nas aulas, na biblioteca e no comedor. Nos tres últimos espazos tamén se colocará falso teito acústico.

trabada

O Plan Básico Municipal de Trabada xa é unha realidade

O Concello de Trabada acolleu o acto de sinatura da aprobación definitiva do seu Plan Básico Municipal (PBM), “un día moi importante para o noso Concello, que marcará un antes e un despois, xa que fomos capaces de ordear o noso territorio”, manifestou a alcaldesa, Mayra García Bermúdez. Asistiron ao acto a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta, Ángeles Vázquez Mejueto; a directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas Díaz; Fernando Delgado, director de planeamento de Urben Consultores (equipo redactor do plan básico); Patricia Abelleira Sánchez, arquitecta municipal, así como membros da corporación municipal. No comezo da súa intervención, a alcaldesa fixo un repaso de todo o traballo realizado para a elaboración do Plan Básico Municipal. “O día 13 de xuño de 2015 tomei posesión como alcaldesa deste pobo e o 8 de febreiro do 2016 mantiven a pri-



meira das dez reunións informativas que organizamos nas parroquias coa finalidade de dar a coñecer a delimitación dos núcleos municipais que se establecían no documento previo á aprobación inicial do PXOM, iniciado alá polo ano 2003 pero que pasados 12 anos estaba aínda nunha fase moi inicial”, lembrou.

En palabras de García Bermúdez, “tiña claro que era preciso poñer orde urbanístico porque había moitas construcións realizadas sen licen-

za municipal, que se encontraban fora de ordenación, incluso nas delimitacións de suelo urbano. Dende o goberno municipal queríamos fixar un urbanismo responsable e seguro, que permita un desenvolvemento ordenado do territorio, polo que o 15 de marzo de 2017 aprobamos no Pleno da Corporación a proposta de Alcaldía de solicitar á Consellería de Medio Ambiente a redacción do Plan Básico Municipal do Concello de Trabada”.

MAIORES. O Centro de Atención de Maiores recibiu a visita do Fillo predilecto de Trabada, Elías Rodríguez Varela. Rodríguez fixo unha doazón ao centro dunha importante colección artística e literaria. Por outra banda, os residentes dispoñen dun conxunto de aparatos biosaudables para facer exercicio que instalou o Concello. Están situados na zona exterior da residencia e é específico para traballar a psicomotricidade, mellorar o benestar e a saúde física e mental das persoas maiores.



o vicedo

Escollidos os gañadores da quinta edición do Concurso de Fotografía

Entregáronse os premios da V edición do Concurso de Fotografía Turismo O Vicedo na que Dende o Concello agradeceron a participación de todos e destacaron “a gran calidade das fotografías”.

As fotografías premiadas foron Hombres de Mar de José Manuel Trujillo, levou o primeiro premio valorado en 300 euros, Zoom de Paco López, acadou o segundo premio como o ano pasado valorado en 200 euros e Virxe no Cruceiro de Manxofrío de Juan Insua, que tamén participou e conseguiu o terceiro premio de 100 euros. Na



categoría de Sub 30 o premio foi para a fotografía Igrexa de Cabanas de Carlota Baltar Salgueiro.

As fotografías participantes e gañadoras na casa da cultura de luns a venres nos vindeiros meses.



O Goberno local investiu en melloras en varios viais co Plan Único da Deputación

O Concello de Xove fixo un investimento de 205.000 euros dentro do Plan Único da Deputación do 2022 para a mellora de viais de acceso. No que o Concello investiu 12.064,70 euros e a Deputación 193.236,00 euros. A obra consistiu, básicamente, no acondicionamento de varios accesos aos núcleos de Prada e Illade na parroquia de Xuances e na Barxa na parroquia de Lago. Así, no vial de Prada a Praia de Esteiro, acondicionáronse uns 1.609 metros e un ramal de 330 metros, de estrada cun ancho variable entre 3,70 e 4 metros. No de acceso a Illade foron 946 metros e ramais de 629 + 500 metros, o que supón 2.075 metros cun ancho variable entre 3 e 4,7. E no de a Barxa á praia

de Lago foron 979 metros cun ancho variable entre 4,50 e 11 metros. En total foron case 5 quilómetros de viais aos cales primeiro se lles realizou unha limpeza, para pasar posteriormente a darlle unha capa de asfaltado en quente, rematando a actuación coa completa sinalización horizontal e vertical da estrada. Esta obra, que conta cun investimento importante de 205.300,70 euros, mellora a seguridade dos desprazamentos nas áreas intervidas, deste xeito os accesos ás praias de Lago e Esteiro, así como a unha boa parte da parroquia de Xuances, melloran sustancialmente, proporcionando unha maior comodidade aos usuarios nos seus desprazamentos.

Aberto o prazo de inscrición do XI Encontro de Palilleiras



O Concello de Xove vén de comunicar que está aberto o prazo para inscribirse no XI Encontro de Palilleiras de Xove. Estará aberto ata o 23 de setembro.

As asociacións e particulares poden facelo directamente chamando ao teléfono do Concello, os vendedores interesados en participar co seu posto deben facelo obrigatoriamente

mente a través do correo electrónico encontropalilleiras@xove.es. As solicitudes de inscrición poden baixarse dende a páxina web do Concello.

Dende a Delegación de Igualdade retómase este encontro despois de dous anos de pandemia, polo que animamos a todos, palilleiras, vendedores, etc. a que participen.

O Concello adquiriu vehículos para modernizar os servizos

O Concello de Xove adquiriu un novo vehículo de recollida de lixo, un servizo do cal se encarga a Empresa Urbaser. Trátase dun camión Renault Trucks, con caixa Ros Roca, o cal dispón de 16 metros cúbicos de capacidade.

O vehículo vén cos novos motores menos contaminantes que cumpren a normativa Euro 6. Esta incorporación forma parte do contrato que ten Urbaser co Concello de Xove, e vai permitir mellorar a eficiencia da recollida de lixo no Concello.

O camión vaise incorporar de maneira inmediata ao servizo de recollida, primeiro vaise adicar a recoller a fracción resto dos contedores verdes e a fracción envases dos amarelos, máis adiante adicarase a recoller a fracción orgánica.

A incorporación deste vehículo englobase dentro dun programa de modernización dos servizos municipais de limpeza; recordamos neste sentido que durante o mes de agosto tamén se incorporaron ao servizo unha nova máquina barredora e unha biotrituradora.



BIOTRITURADOR. O Concello de Xove vén de adquirir un novo vehículo biotriturador de residuos que vai formar parte dos servizos de mantemento viario e de parques e xardíns do Concello.

Para a adquisición deste vehículo o Concello acolleuse a unha axuda da Xunta para financiamento de actuacións en materia de biorresiduos. Trátase dun plan no que tamén participa a Unión europea con fondos NextGeneration e tamén o Estado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dentro da orden, ao Concello correspondéronlle 28.858,50 euros en

concepto de axuda (90% da financiación), correspondendo o restante 10% a fondos propios.

Esta máquina, primeira deste tipo que ten o Concello, vaise usar para triturar restos de podas, troncos de ata 20 cm. de diámetro, etc.

BARREDORA. O Concello conta dende tamén cunha nova barredora para o servizo municipal de limpeza viaria. Trátase dunha barredora compacta Johnson CN201, adquirida á empresa Automoción Vilar do Colo por un importe total de 53.226,69 euros, financiados na súa integridade polo propio Concello.

Renovado o céspede artificial da pista de pádel de Xove



O Concello de Xove informou da renovación do céspede artificial da pista de pádel municipal. "O céspede vello desta pista estaba moi desgastado debido ao seu uso intensivo", din dende o equipo de Goberno local, "foi a empresa Instalacións Bahía Park S.L. a encargada de realizar o traballo, contando cun investimento

de 20.000 euros aportados íntegramente polo Concello".

A pista de pádel permanece aberta para a práctica deste deporte de luns a domingo en horario de 10.00 a 23.30 horas, agás cando as inclemencias meteorolóxicas ou a realización de labores de mantemento non fan posible a súa apertura.

Portocelo celebrará os días 9, 10 e 11 as súas patronais

As festas patronais da parroquia de Portocelo na honra da Nosa Señora celebráranse os días 9, 10 e 11 de setembro. O venres 9, ás 21.00 horas arrancarán cunha churrascada que dará paso ás 23.00 horas á festa, animada polo Dúo Chic e Tania Veiras.

O sábado 10, ás 10.00 horas a tirada de bombas de palenque anunciará o comezo dos festexos e ás 13.30 horas, celebrárase a misa solemne e ao termo a sesión vermú a cargo de Nueva Fuerza. Pola noite, ás 23.00 horas, Nueva Fuerza tocará na verbena que estará animada tamén pola orquestra Gran Parada.

O domingo 11, repetiránse os festexos co lanzamento ás 10.00 horas de bombas de palenque. Ás 13.30 horas oficiárase a misa solemne e acto seguido, ás 14.00 horas, os asistentes poderán deleitarse na sesión vermú coa música do dúo Zafiro.



CURSO 2022/2023
Foz y Lourenzá
Reservar tu plaza para el nuevo curso
...where English is fun!



SCAN ME

Reserva ahora!

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es

O BNG volve denunciar os verquidos de augas residuais sen depurar ao mar



O BNG de Cervo volve denunciar nas súas redes sociais que se seguen a producir verquidos ao mar de augas residuais sen depurar na zona da Atalaia en San Cibrao.

“Volvemos a denunciar que seguen a producirse verteduras ao mar e por iso reclamamos ao equipo de Goberno do Concello de Cervo, solucións de maneira urxente para parar de inmediato este dano medioambiental continuado”, din os nacionalistas cervenses.

“7 millóns de euros é o custe da rede de saneamento que despois de 7 anos segue a dar problemas provocando danos medioambientais graves e molestar na veciñanza”, engadiron na súa denuncia pública.

“Recordamos ao Concello de Cervo que o gasto público debe ser exemplo de eficiencia e non de especulación”, por iso dende o grupo político reclámanlle solucións aun problema “enquistado”.

Aprobado o orzamento do ano, que ascende a máis de 8 millóns

O Concello de Cervo vén de aprobar en pleno os orzamentos deste ano cuxa cifra ascende a 8.374.551,77 euros. Tal e como precisou a edil de Facenda, Dolores García Caramés, “presentamos uns orzamentos realistas, que responden aos principios da prudencia e da responsabilidade, co obxectivo sempre de seguir a prestar uns servizos públicos de calidade par a nosa veciñanza, cumprindo os principios da eficiencia e da eficacia na xestión do gasto público; e sen incrementar a carga impositiva á veciñanza”.

Así engadiu que “estes orzamentos volven reflectir a clara aposta deste equipo de goberno pola xestión directa, o que sitúa a Cervo como o municipio de Galicia con máis servizos públicos (saneamento, recollida de lixo, abastecemento de auga, escola infantil, piscina municipal, entre outros)”. Nas contas tamén hai un incremento sensible nas partidas de servizos sociais (polo reforzo

do servizo de axuda no fogar). Quedou superada tamén a crise sanitaria, o que “nos permite volver a unha certa normalidade, e recuperar a actividade social, cultural e de lecer”. Para o que se reserva tamén unha partida importante dentro do orzamento no capítulo de gastos corrente que ascende desde os 2.245.493 ata algo máis de 2 millóns e medio de euros.

“Seguimos, así mesmo, estando ao carón do tecido social de Cervo, ofrecendo axudas directas ás diferentes asociacións e clubs deportivos que son máis fundamentais que nunca no día a día do noso Concello, e cuxa actividade tamén se viu tremendamente comprometida pola pandemia”, di Caramés. Así mesmo tamén seguen a apoiar á comunidade educativa con axudas para o transporte, para os centros educativos, as ANPAS, e as familias. No orzamento para este ano, tamén seguen a ter especial relevancia as

políticas de fomento de emprego, cuxo exemplo máis significativo son as bolsas de formación remuneradas para a mocidade, para as que se destinan 140.000 euros do orzamento municipal.

O capítulo de investimentos supón un 19,88%. “E é que este equipo de goberno ten plantexadas e en marcha unha serie de obras e actuacións de gran calado, moi importantes para este Concello que se materializarán nos vindeiros meses”, di a edil de Facenda. Afirmar que teñen reservada unha importante contía do orzamento, ademais dos acordos que temos xa subscritos coa Xunta de Galicia para recuperar toda a contorna da Atalaia”.

Outros proxectos contemplados de gran calado son o paseo peonil de Sargadelos ou a renovación das pistas de atletismo da Veiga, sen esquecerse do saneamento e do abastecemento de auga.

EN BREVE

BAILE DE SALÓN. A organización Arama e a Escola de Baile Hover Cross realizarán clases de baile de salón que terán lugar en Cervo e en San Cibrao. As persoas interesadas poder inscribirse ou recibir información a través dos teléfonos 648.033.250, 620.817.300 ou 630.864.427. As sesións, unha á semana, serán impartidas por profesores titulados en vals, pasodobre, tango, foxtrot, merengue, cumbia, bachata, salsa e chachachá.

EXPOSICIÓN. Foi inaugurada nas Escolas Vellas de Cervo a mostra fotográfica *Os Camiños de Casares*, que se poderá visitar de luns a venres, ata o 15 de setembro, en horario de 11.00 a 14.00 horas. A mostra, que viaxa por cinco vilas dos Camiños de Santiago, vén de ser exhibida en Mazaricos e continuará o seu percorrido durante os meses de setembro e outubro por Muxía (A Coruña); Viana do Bolo (Ourense) e San Sadurniño (A Coruña). Recolle 40 fotografías de gran formato de Xurxo Lobato inspiradas en textos de Carlos Casares sobre o Camiño de Santiago e, en xeral, sobre a experiencia da viaxe. Xurxo Lobato é membro da Academia Galega de Belas Artes, premio Artes Plásticas Cultura Galega 2020, e premio Ortega y Gasset de El País, 2003.

Crearán unha pista ecuestre nas inmediacións da Bidueira



O Concello de Cervo está a executar unha pista ecuestre nas inmediacións das instalacións deportivas da Bidueira.

A tenente alcalde, Dolores García Caramés, e o concelleiro de deportes, David Rodríguez, achegáronse ata a zona para supervisar os traballos en compañía dunha representación de veciños afeccionados ao mundo ecuestre.

A realización desta pista, que supón un orzamento de máis de 40.000 euros procedentes de fondos municipais, é xa unha realidade grazas á sinatura dun convenio por parte da Comunidade de Montes e o ente municipal, no que a Comunidade cede os terreos para a súa construción e o Concello

aporta a financiación pertinente. Tal e como apuntaron Caramés e Rodríguez “con este novo proxecto búscase retomar a actividade nas instalacións da Bidueira, antigo campo de fútbol da S.D. Cervo-Sargadelos que quedaron abandonadas. Coa creación desta pista ao seu carón, podería ser sede de campionatos e diferentes tipos de encontros cabalares”.

Esta iniciativa –recordan– nace froito da comunicación cun grupo de veciños e veciñas afeccionados ao mundo ecuestre, posto que no noso municipio hai unha gran tradición. Así tamén, conseguimos crear un espazo apto e seguro para a equitación dentro do noso concello”.

Renovado o saneamento do polígono de Cuiña



O Concello de Cervo vén de iniciar unha actuación de renovación da rede de saneamento do Polígono de Cuiña, que contempla tamén a execución de novas beirarrúas “que contribuirán a reforzar a seguridade dos peóns e a humanizar toda a esta contorna” que é de por si unha zona moi concorrida pola situación do complexo deportivo, dos centros escolares, do centro de saúde ou do Centro de Día Residencia.

O rexedor, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e a concelleira de Obras, Mali Méndez, achegáronse este mediodía ata a zona para supervisar os traballos que suporán un investimento de máis de 160.000 euros (164.175,54 euros concre-

tamente), que serán subvencionados ao 74% pola Xunta de Galicia ao abeiro da liña de habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia; e o restante con fondos propios.

Tal e como explicou Villares, a obra afecta á marxe dereita da vía LU-P-1510, no polígono de Cuiña, e consistirá na mellora das beirarrúas da zona principal de acceso ao parque empresarial, na zona que linda co polideportivo da Veiga, ampliando o ancho da mesma “para mellorar a accesibilidade de toda a zona”. Vaise executar tamén un muro de contención para reforzar o xa existente que contén a vía de acceso e instalarse unha nova varanda de acceso ao pavillón.

“Queremos consolidar o Festival Folclórico Internacional”

Claudio López atópase á fronte da Asociación Cultural Mistura de Lieiro

A asociación Mistura de Lieiro ten unha importante actividade cultural no Concello de Cervo. Falamos con Claudio López, presidente da Asociación Mistura.

Quen se atopa á fronte da asociación?

Á fronte da asociación estou eu, Claudio López, que levo desde o ano 2006 sendo presidente.

Como e cando naceu o grupo folclórico Mistura?

Mistura naceu no ano 1982 por medio da asociación de veciños de Lieiro que tiña moitas ganas de formar un grupo folclórico.

Cantas persoas forman a asociación?

Pois ao principio, cando se formou a asociación, chegou a ter 130 alumnos, pero agora mesmo contamos con 70 de distintas idades, os máis pequenos que van de 3 a 6 anos, outro grupo que vai de 6 a 10, despois está o grupo de medianos hasta 14 anos e o grupo de adultos. Entre todos eles englobábase os músicos e os bailaríns.

Nas súas filas tiveron membros moi destacados hoxe en día?

Pois contamos con Ricardo, que é profesor no Conservatorio de Viveiro, ou Rodrigo, que é mestre de Educación Musical en varios centros educativos da comarca. Pero ademais destes veciños, que son menos coñecidos, nas nosas filas estiveron Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, e Antonio Basanta, o di-

rector xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica na Xunta de Galicia.

Que tipo de actividades fan?

Pois durante toda a semana impartimos clases de gaita, tambor e pandeireta, para nenos e adultos. Ademais do festival participamos na Festa do Ourizo de Cervo, tamén colaboramos na Maruxaina e en distintos actos que fai o Concello. Esperamos tamén en breves facer saídas por Europa como se facía antes, Mistura ten unha traxectoria ampla e visitou practicamente toda Europa representando a España e a Cervo e sempre tivemos unha boa aceptación.

Cales son os obxectivos que perseguen?

Os obxectivos principais son manter ao grupo e sacar nenos adiante. Traballar cos nenos é o noso principal motivo e que podan chegar a bailar no noso acto central, que é o Festival.

Que proxectos de futuro teñen?

Pois dentro dos nosos proxectos de futuro temos o de consolidar o Festival Folclórico Internacional e que como dixen antes, que o grupo se mantéña activo.

Como se mantén unha asociación como esta?

A asociación mantense coa aportación dos alumnos, a venda de rifas e de lotería de Nadal, tamén contamos con subvencións e o Concello colabora con nós sobre

todo no Festival Internacional.

Como se presenta a vindeira tempada?

Para a tempada que vén esperamos retomar o Festival Internacional que estivo parado durante a pandemia, e este é o acto máis importante que realizamos, e esperamos que siga por moitos anos. Ademais seguiremos coas clases de baile e música tradicional.

O Festival Folclórico Internacional de San Cibrao, é entón o acto máis importante que organizan?

Si. É un festival que se organiza dende principios dos 90 e a idea xurdiu por medio de Baldomero Iglesias, que daquela era o presidente da asociación. É un acto que congrega moita xente e ten moitos meses de traballo enriba e gustaríanos conservalo por moitos anos máis. Nel participan grupos de todo o mundo como no último, o do 2019, no que estivo colectivos de Rusia, de Almería ou de Sri Lanka.

Cre que é importante a música e o baile dende pequeno?

Creo que si. Xa dende pequenos é moi importante e sobre todo hoxe en día que o baile e a música tradicional están en auxe. Ademais aos nenos venlles moi ben e ao mesmo tempo aprenden disciplina e sociabilizan entre eles e con outros grupos. Tamén hai que dicir que este tipo de actividades apréndense moi rápido e moi facilmente dende cativos.



O recinto feiral de Vegadeo acollerá a Feira dos Stocks

O recinto feiral acollerá unha nova edición da Feira dos Stocks do 7 ao 9 de outubro. Nela poderanse atopar artigos de todo tipo aos mellores prezos. O horario de apertura será pola mañá de 11.00 a 14.00 horas e de tarde de 16.30 a 20.30 horas. O obxectivo desta feira é dinamizar o pequeno e mediano comercio, ofrecendo un punto onde dar saída aos excedentes de mercadoría de cada campaña, a prezos de promoción. Para participar cun



postado será necesaria a previa inscrición e o prazo de admisión de solicitudes está aberto ata o 27.

Siero Clásicos organiza o 3º Rallye Terras do Eo

O Club Siero Clásicos, organiza en Vegadeo en colaboración co Automovil Club Vegadeo, o sábado 17 de setembro, o 3º Rallye Terras do Eo, de Clásicos Deportivos de regularidade para Vehículos Históricos. A saída será ás 10.00 horas do parque do Medal de Vegadeo e a meta e fin do Rallye está programado para as 14.30 horas. Acto seguido será a entrega de premios e unha comida de confraternización. A Organización outorgará trofeos ás distintas cate-

gorias do Campionato de Asturias de Regularidade Histórica.

Serán admitidos a participar os vehículos fabricados e comercializados, polo menos 25 anos antes do 17 de setembro de 2022. As réplicas deberán ter tamén máis de 25 anos.

O boletín de inscrición, debidamente cuberto en todos os apartados, deberá ser remitido antes do peche de inscricións o día 12 de setembro ao Automovil Club Vegadeo, info@automovilclubvegadeo.es e www.au-



tomovilclubvegadeo.es. Establécese un máximo de 90 equipos, sendo a elección por rigorosa orde de recepción da inscrición.

ourol

Convocan as axudas de libros de texto e material escolar

O Concello de Oourol publicou as bases para as axudas de libros de texto e material escolar para infantil, primaria, secundaria e educación especial para o vindeiro curso 2022/2023. As persoas beneficiarias destas axudas son o pai/nai, ou tutor/a legal do alumnado empadroado nas Pontes e que vaia cursar formación nos centros educativos do municipio. Ademais de estar empadroado no

momento da solicitude, é requerido que a renda da unidade familiar non supere os 9.000 €.

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oourol. O prazo de solicitude remata o día 16 de setembro.

Máis información e recollida de impresos no Departamento Servizos Sociais ou no seguinte enlace.

Cine na rúa proxecta Cuñados

Os Aturuxeiros de Bravos, no Concello de Oourol, continúa co seu programa de actividades no que terán Cine na Rúa e poderase desfrutar da película Cuñados. Será este sábado, 10 de setembro, ás 21.30 horas, no exterior do centro social e en caso de chuvia no interior.

Cuñados é un dos filmes máis vistos nos cines galegos durante o 2021 e que tamén foi nomeada a 16 premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual.

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a pata nun dos seus negocios e precisan cartos. Moitos cartos. Será Sabonis quen lle atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e os deixou tirados. Só hai un pequeno problema: Alicia non pensa pagar un peso polo seu cuñado. Mais é o propio Modesto quen urde un novo plan co que Eduardo e Sabonis poderán salvar a adega familiar.

Aprobado o Plan Básico Municipal

A Xunta acaba de aprobar de forma definitiva o Plan básico municipal (PBM) do Concello de Riotorto, que se converte así no segundo municipio galego —despois de Trabada— en dotarse deste instrumento de ordenación pensado para que os concellos de menos de 5.000 habitantes e sen planeamento poidan desenvolver certa actividade urbanística sen establecer criterios de crecemento urbano.

Acompañada do alcalde, Clemente Iglesias, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinou en Riotorto a orde de aprobación definitiva do PBM, un fito que enmarcou no esforzo da Xunta nos últimos anos para acadar o obxectivo de que Galicia avance cara a un urbanismo responsable e na protección da súa paisaxe.

Tras lembrar que o contrato para redactar o plan básico deste municipio se formalizou a finais de 2019 e o documento foi aprobado inicialmente en xuño do ano pasado, a conselleira incidiu en que unha das vantaxes deste instrumento é que a súa tramitación é “moito máis áxil” que a dun planeamento xeral, que normalmente precisa ata tres veces máis de tempo para acadar a apro-



bación definitiva.

Neste sentido, felicitou ao alcalde e ao resto do Goberno local por ser un dos primeiros en apostar por esta figura novidosa, creada ao abeiro da Lei do solo e concibida para avanzar no obxectivo da Xunta de que non haxa ningún concello sen PXOM.

En concreto, o plan clasifica un único ámbito de solo urbano consolidado no concello de Riotorto, sumando todos os terreos que integran a malla urbana existente e de xeito que os sete antigos asentamentos rurais quedan a partir de agora unidos ao lugar das Rodrigas. Así mesmo, o PBM delimita un total de 67 núcleos rurais: 58 deles de tipo tradicional, 8

que combinan partes tradicionais e comúns e 1 común.

En canto aos elementos máis significativos do patrimonio cultural e natural de Riotorto merecedores dunha protección especial, o documento identifica e cataloga un total de 121 dos cales 10 son de tipo arqueolóxico, 44 arquitectónicos e 67 etnográficos.

Tras a aprobación este verán dos dous primeiros plans básicos municipais de Galicia, Ángeles Vázquez indicou que se segue avanzando na tramitación do resto para que sexan unha realidade o antes posible, ao tempo que se traballa para impulsar a elaboración doutros novos.

a pontenova

Chega setembro e o tempo do baile da man da asociación Eco das Minas



Chega setembro e o tempo das actividades no Concello da Pontenova da man da asociación Eco das Minas. Así, viñeron de comunicar a nova oferta lúdico educativa para as mañás dos sábados. Eco das Minas da Pontenova impartirá clases de bailes tradicional foliadeiro para nenos e adultos. As leccións teñen un prezo de 7 euros para socios e 15 para os que non.

Para asistir será necesario anotarse chamando aos teléfonos 610 947 738, 653 434 712 ou 695 690 288.

Volven a Romería de Conforto e as festas en Vilaoudriz

O santuario da parroquia pontenovesa de Conforto acollerá a fin de semana do 9 ao 11 a súa tradicional romaría de setembro na honra da Nosa Señora de Conforto.

A festa comezará xa o xoves 8 coas misas cada hora dende as 9.00 horas e a solemne ás 13.00 horas seguida da procesión e a sesión vermú con Pedro Brmudz. Xa o venres 9 será a churrascada a partir das 22.00 horas na que tamén se poderá degustar empanada, xamón cocido, churrasco de porco e criollo, tarta de Santiago, viño, auga, café e Pepsi.

Os tiquets, cun prezo de 18 euros, pódense reservar chamando ao 650 186 011 e facer pagos a través de Bizum ou en físico, e xa se poden mercar no San Briz, Rony Bar e Casa Paulino.

A derradeira xornada, a do sábado 10 de setembro, volverá o oficio relixioso ás 13.00 horas, a procesión e a sesión vermú con dúo Estrellas e pola noite haberá

verbena a cargo de dúo Merengue e Disco Móvil Blanco y Negro.

VILAUDRIZ. A parroquia de Santiago de Vilaoudriz, no Concello da Pontenova celebrará as festas na honra da virxe das Dores a fin de semana do 16, 17 e 18 de setembro.

Así, o venres 16 haberá unha churrascada no campo da festas a partir das 22.00 horas para a que haberá que mercar os tiquets ou contactar coa comisión nos teléfonos 630 956 614 ou 650 203 521. O último día para mercalos será o domingo 11. Despois da churrascada será a verbena a cargo de Pedro Brmudz Dj.

A xornada do sábado 17 comezará coa misa solemne no campo da festa ás 13.00 horas, seguida da procesión e a sesión vermú a cargo do grupo Fénix quen tamén porá a nota musical á noite xunto Verónica Cambón. O domingo tan só haberá sesión vermú co dúo Merengue.

Queixas veciñais pola falta de médicos na vila



A veciñanza da Pontenova protestou pola falta de asistencia médica no centro de saúde, así o manifestou o alcalde da Pontenova, Darío Campos, quen se fixo eco das denuncias.

O rexedor explicou que veciños “indignados”, achegáronse ao concello para protestar pola falta de médicos na vila. “Temos 2.200 veciños e veciñas que se incrementan coa chegada do verán, e só hai un médico para atender aos doentes. Ademais cando o médico ten que desprazarse a atender a usuarios nos domicilios ou

as urxencias, o centro queda completamente baleiro. Está é a sanidade que promove o PP, baleirar os nosos centros de saúde públicos”.

Os veciños tamén protestan polas citas médicas que se están programando nestes días “xa que hai ata 4 días de espera para conseguir unha consulta”, segundo explican.

“O PP pasa olímpicamente do rural lucense, desmantela a sanidade, impulsa recortes en educación, abandona as infraestruturas e por riba deixa sen executar 200 millóns de euros dos fondos covid”, dixo

“O abastecemento de auga e o saneamento son prioritarios”

Clemente Iglesias é rexedor de Riotorto dende o 2015

Clemente Iglesias naceu en 1976 en Riotorto, onde reside e traballa na administración local.

Pode facernos un balance do que vai de lexislatura?

O balance é moi positivo, levamos cumprido o noso programa electoral nun 80% quedando aínda 8 meses para que remate a lexislatura, conseguimos novos servizos para os nosos cidadáns como son dúas casas do maior, a casa niño, melloramos os accesos a varios núcleos e fixemos obras de saneamento e abastecemento en varios pobos.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos pendentes varios proxectos de mellora de camiños municipais que dan acceso a diversas parroquias, como é o acondicionamento da estrada desde Chacín a Fonfría, os accesos ao campo de fútbol, mellora de accesos en Valverde e Vilaseca, a carretera desde Santalla a LU-124, acondicionamento da estrada que vai ao barrio de Pereiro (Aldurfe), acondicionamento de varias vías en Espasande de Abaixo (desde

Cruz a Hermida e desde Navallo a Hermida), Praducelo, Orrea e aglomerado do campo da festa e carreteras anexas en Galegos. Realizaremos tamén este ano obras de saneamento en todo o pobo de Galegos.

Cal é o maior proxecto que se levou a cabo no Concello dende que se atopa á fronte?

Foron varios os proxectos que se fixeron ao longo destes anos, pero pódese destacar a creación de novos servizos (casa niño, casas do maior, pista de pádel, pista multi-deporte) e a mellora das estradas municipais que facilitan o acceso viario os pobos. Tamén a recente aprobación do Plan Básico Municipal é moi importante para o noso municipio xa que se ordena urbanisticamente todo o termo municipal.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos varios proxectos pendentes de executar neste último trimestre deste ano, no eido das infraestruturas viarias, saneamento e no eido industrial coa instalación da planta de transferencia de

residuos

Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Estamos tamén en colaboración con Adamo desplegando a fibra óptica no medio rural, actualmente temos fibra no casco urbano. Temos solicitada unha axuda á Xunta de Galicia para construír unha residencia da terceira idade de 37 prazas.

E a nivel industrial, cales son os plans municipais? No tocante ao polígono?

A nivel industrial, estamos moi enfadados coa Deputación provincial de Lugo, xa que despois de 6 anos que nos custou dispoñer de tódalas autorizacións sectoriais e permisos, e unha vez aprobado o proxecto de industrialización para facer 12 parcelas industriais, o ente provincial non quere gastar os 402.000 euros que estaban comprometidos para este polígono. A Deputación provincial discrimina unha vez máis aos veciños de Riotorto e paraliza o crecemento industrial das empresas locais.

A pandemia golpeou a todos os sectores culturais e tradicionais deixando sen actos á artesanía galega. Que pasou coa Feira do Ferro deste ano?

A Feira do Ferro é un referente na artesanía a nivel autonómico, desde o ano 2019 non se fixo este evento pola pandemia. A Feira do Ferro empézase a organizar no mes de xaneiro, e este ano estamos cun brote importante nesa data, polo que decidimos entre a asociación de ferreiros e o Concello non facela este ano. Esperamos que para o ano 2023 se poida celebrar e poñer de novo en valor os produtos do ferro que fan os artesás desde pobo.

Riotorto conta con moita actividade veciñal. Que nos pode dicir dos locais sociais? Hai algún plan de mellora ou acondicionamento?

A verdade é que si, neste municipio temos máis de 15 asociacións de veciños que dinamizan as actividades culturais das parroquias. O Concello reparte cada ano 12.000 euros entre estas asociacións para financiar actividades culturais e deportivas. O longo destes anos fóronse acondicionando diversos locais sociais que



existen nos pobos coas axudas que concede a Xunta a través da Dirección Xeral de Administración Local, na actualidade 4 asociacións disfrutan desta axuda para acondicionar estes locais onde se realizan actividades de ximnasia de mantemento, manualidades, cursos de informática... que son organizadas polo Concello e as asociacións.

A Feira do Ferro é un referente na artesanía a nivel autonómico, desde o ano 2019 non se fixo este evento pola pandemia

O Mazo de Ferreiravella é un lugar emblemático do municipio. En que punto está a oferta de explotación?

Na actualidade estamos analizando dúas ofertas de explotación e esperamos que para o ano 2023 estea en funcionamento a explotación da área recreativa. As visitas ao Mazo estanse realizando na actualidade, previo aviso ao Concello.

Un dos temas máis polémicos do ano foi a planta de residuos de Aldurfe. Como se atopa este tema?

A planta de transferencia de residuos vaise facer nas inmediacións da estrada LU-122 nunha parcela que adquiriu o Concello e que cedeu a Sogama e que se atopa preto da Cruz da Cancela no termo municipal de Riotorto. A ubicación

inicial que se plantexou en Aldurfe quedou descartada.

O ano pasado creáronse dúas casas do maior e unha residencia. É importante para Riotorto e para o rural este tipo de servizos?

Si, para nós eses novos servizos son prioritarios e están sendo demandados polos veciños. As casas do maior están hoxe ocupadas nun 80% e a residencia da terceira idade esperamos que sexa unha realidade nos vindeiros anos. Estamos priorizando moitos recursos no coidado da xente da terceira idade, non só nestes servizos senón tamén no servizo de axuda a domicilio. Na actualidade temos 20 auxiliares de axuda no fogar que van polos domicilios prestando este servizo, que conta con máis de 90 usuarios.

Traballouse no abastecemento de auga ás parroquias. Cales foron estes traballos?

O abastecemento de auga e o saneamento é prioritario para este Goberno. Fixemos diversas melloras nos depósitos municipais de auga de Teixeira, Moxueira e Aldurfe. Melloramos as traídas de auga de O Rego (Órrea), Santalla e Espasande de Abaixo. No tema do Saneamento, aínda existen moitos pobos que non dispoñen deste servizo, que é gratuito para os veciños. Recentemente realizamos obras de saneamento en Mundín-Hortobello, Santa Marta de Meilán, Chacín, Lamas-Vilaseca e Vale. Neste ano quedará rematado o saneamento no pobo de Galegos.



DEPUTACIÓN

A Deputación financia as visitas do programa Da Escola á Granxa

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión de axudas para a organización de actividades no marco do programa “Da Escola á Granxa” de área de Medio Rural.

As achegas, dirixidas a asociacións de nais e pais, teñen como obxectivo poñer en valor os produtos de proximidade e o sector primario para as xeracións máis novas, financiando visitas a gandeirías, producións agrícolas e pequenas empresas agroalimentarias asentadas no rural, así como outras actividades de divulgación e sensibilización vinculadas ao medio rural.

En total, atendendo ás solicitudes presentadas, a área dirixida por Mónica Freire colaborará no financiamento de 72 actividades, organizadas por máis dunha trintena de anpas distribuídas por toda a provincia.

A deputada de Medio Rural, Mónica Freire, explicou que “a través destas visitas e actividades, que empezarán a desenvolverse a partir do inicio do curso, nenos e nenas de infantil e primaria, poderán achegarse a gandeirías e producións agrarias e coñecer de primeira man o traballo cos animais e cos cultivos, participar en obradoiros de elaboración de alimentos ou noutras propostas didácticas ligadas ao coñecemento da contorna e á educación ambiental”

A área de Medio Rural da Deputación investiu un total de 40.000 euros neste programa co que pretende tamén contribuir a consolidar unha oferta de recursos e servizos educativos arredor do sector primario e visibilizar referentes no rural. A resolución, coa listaxe de entidades beneficiarias, publicárase a vindeira semana no Boletín Oficial da Provincia.

Impulsará a proxección das empresas lucenses no exterior

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Eduardo Valín, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta 60.000€ para potenciar a proxección exterior das empresas poñendo en marcha o proxecto CEL Expansión 2022.

“Reforzamos moito o servizo de asesoramento en axudas e outros incentivos para mellorar a competitividade e posición das empresas fóra do país”, destacou o Presidente sobre a iniciativa, que enmarcou no diálogo e colaboración permanente que mantén a Deputación cos sectores produtivos para impulsar o seu desenvolvemento.

José Tomé apuntou que este proxecto responde á necesidade de mellorar as exportacións da provincia, que caen de xeito continuado desde o 2015, segundo reflicte o informe de Lugo en Cifras 2021, que elabora a propia CEL co apoio da Deputación. Esta publicación apunta que a provincia de Lugo exportou o ano pasado ao redor de 585 millóns de euros e importou case 725 millóns, o que



deixa unha balanza comercial negativa co exterior por valor de preto de 140 millóns de euros. Segundo este informe, máis do 80% das transaccións no exterior segue a producirse cara países da Unión Europea, cando hai oportunidades en mercados como Xapón ou os Estados Unidos.

Entre as actividades previstas no proxecto CEL Expansión 2022 subvencionadas pola Deputación está habilitar un servizo específico, baixo o nome de Gabinete Impulso Ext, para apoiar ás empresas da provincia durante este ano fronte aos efectos do conflito en Ucraína. Este servizo facilitará información útil

e actualizada sobre o impacto da guerra, asesoramento sobre axudas específicas ou datos sobre os mercados alternativos para as empresas exportadoras.

Ofreceranse tamén dúas formacións específicas sobre o mercado de Estados Unidos e Xapón. O primeiro é interesante para as empresas exportadoras da provincia porque presenta oportunidades en sectores como o vitivinícola ou o do produto gourmet; o segundo porque representa unha ocasión para as industrias de produtos feitos a man, enerxías renovables, servizos asistenciais, biotecnoloxía ou distribución e loxística.

Actividades para os concellos durante o verán

Os programas **Actívate** ou **Saborea a túa provincia** viaxaron este verán por toda a provincia cun gran éxito de público

A segunda edición do programa provincial Saborea a túa provincia, que percorreu nove concellos da provincia durante as fins de semana ata o 2 de setembro volveu ser un éxito de público e de participación nestas xornadas gastronómicas e de lecer que promove a institución.

Nesta ocasión a cita estivo presente en Patón, Chantada, Taboada, Trabada, O Valadouro, Vilalba, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pol, que pechou o programa o venres 2 de setembro.

José Tomé lembrou que co Saborea a túa provincia, a Deputación busca “incentivar o consumo dos produtos de proximidade e dinamizar a economía dos concellos fomentando a actividade do turismo, da hostalería, do comercio e dos pequenos produtores”.

Segundo explicou o presidente este programa “forma parte da ampla estratexia que estamos desenvolvendo dende a Deputación de Lugo para consolidar un modelo de turismo



de calidade e sostible, un turismo de experiencias, con capacidade para atraer visitantes todo o ano, que pon en valor o noso patrimonio, tanto natural, como, monumental, cultural ou gastronómico, e que contribúe a crear riqueza e a crear emprego, sobre todo no noso rural.”

“O éxito da primeira temporada do Saborea a túa Provincia levounos a reeditalo este ano, pero con novidades para tratar de melloralo e, desta

forma, aumentar o retorno económico para os negocios da zona. Para isto introducimos melloras na estrutura e no funcionamento das xornadas e tamén melloramos as localizacións, xa que este ano celebrouse en lugares que contan cunha importante actividade social, hostaleira e comercial”, sinalou Tomé Roca.

A actividade consistiu nun autobuscococina onde profesionais da asociación provincial de cocifeiros e cocifeiras de Lugo elaboraron receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizaron alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzá, a Patata Galega, o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregaron nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Tamén se contemplaron degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade e un taller de cocina para nenos e nenas nas que elaboraron un prato con produtos da provincia.

fin de semana de abril a xullo, actividades vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kaiak, vela, trekking, escalada ou equitación. A institución provincial buscaba con esta proposta turística seguir apoiando, en colaboración cos concellos, a actividade do sector turístico, a hostalería e o comercio, e a aposta por un modelo de turismo sostible, de calidade e con capacidade para atraer xente durante todo o ano. Trátase dun impulso a un sector que xera experiencias, pon en valor o rico e diverso patrimonio natural e cultural da provincia e que aporta valor ao territorio, e axuda a manter e a xerar emprego, sobre todo no medio rural.

ACTÍVATE. A Deputación de Lugo celebrou a boa acollida do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofreceu en 26 concellos da provincia actividades gratuítas para todos os públicos. Os participantes realizaron, as

Activáte sumouse a outras iniciativas que ten en marcha a Deputación de Lugo cos mesmos obxectivos de apoiar ao tecido produtivo vinculado ao turismo, á hostalería e ao comercio, e, ao mesmo tempo, favorecer un turismo de calidade e sostible.

DEPORTES

Comeza a Copa Deputación de Fútbol Sala

A III Copa Deputación de Fútbol Sala comezou o 4 de setembro, na que participarán 35 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

A competición retómase despois de dúas temporadas co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que incentiva a participación dos equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 220 e 340 euros), ademais de premiar aos equipos campións e subcampións de cada categoría (entre 400 e 750 euros)

O deputado de Deportes Efrén Castro explicou que “o alto nivel do fútbol sala na provincia, con equipos de referencia internacional como o Burela FS, deber ser un incentivo para reforzar a afección e a práctica deste deporte”.

Polo que respecta á liga, as previsións da Federación de Fútbol son que a competición comece a mediados do mes de setembro, concretamente a fin de semana do 17 e 18. Aínda non están os calendarios oficiais, agás en Preferente, pero a maior parte das categorías teñen escollida esta data

para o inicio oficial, o resto irán nas semanas seguintes.

A fase previa deu comezo o día 4 de setembro con eliminatorias a partido único.

Os cuartos de final serán o 11 de setembro, as semifinais o 18 de setembro e a final: 1 de novembro. Todas elas disputaranse tamén a partido único.

Cambios no Burela FS

O Pescados Rubén Burela FS comunicou a composición do novo equipo. Así, os goles no equipo das Guerreiras Laranxas seguirán asegurados coa brasileira Emilly Marcóndes. Renova tamén Dany, pivote e unha das xogadoras que máis anos consecutivos levan formando parte do persoal feminino do CD Burela FS; a peche Cilene Pereira, a número 6 das Guerreiras Laranxas; á-pivote madrileña e capitana, Peque, Patricia González; ou a gardameta hispano-brasileira Jozi.

Na ofensiva seguirá Jenny; e Irene Samper, co número 16, tamén renova.

Por outra banda, desde CD Burela FS anunciaron tamén a renovación de Cristina Lourés, unha das xogadoras galegas de fútbol sala con máis proxección na actualidade.

Dentro das novas fichaxes destacan Antía Pérez, á-pivote, formada no Ourense e procedente do Sala Zaragoza

O CD Burela FS anunciou a fichaxe da xogadora Patricia Ortega Medina, Patri, do STV Roldán.

Temén confirmaron a terceira xogadora internacional a porteira Caridad García, procedente do Poio Pescamar.

Deixan o club a peche de 32 anos Camila Gadeia tras cumprir a súa quinta tempada; Lara Balseiro, xogadora número 10, di adeus despois de 13 tempadas; Bea Mateos, tras 9 anos. Tamén mudan Ale de Paz, Elenita, Leticia M. Cortés, Sandra Buzón e Elena Aragón Delgado seguirá dirixindo ás Guerreiras Laranxas.

O Xove FS xogará na primeira eliminatoria da Copa do Rei

A Copa do Rei 2022/23 comeza a dar os seus primeiros pasos con importantes novidades. A presente edición, cuxa primeira eliminatoria disputarase o 10 de setembro, contará por primeira vez con equipos de Terceira división. Os 24 mellores equipos da categoría que non lograron o ascenso a Segunda B terán a oportunidade de disputar unha competición que ve crescendo ano tras ano.

Nesta rolda participará o SD Xove FS que se enfrontará ao Esteo das Pontes na pista do equipo mariño que aínda non teñen o horario do partido definido. “Hoxe é un día histórico para o Xove FS”, dicían dende a directiva do club mariño. Co novo formato serán un total de 78 os equipos que busquen o título que logrou a pasada tempada o Besoccer UMA Antequera.

Os cuartos de final, o 21 de febreiro, decidirán os catro equipos clasificados para a Final Four, que se xogará en sede único entre o 31 de marzo e o 2 de abril.

O CD Foz busca rapaces para a base

A directiva do conxunto focego, CD Foz, vén de comunicar que para esta tempada que comeza en setembro precisan rapaces para os equipos de fútbol base. Así, buscan nenos de categoría infantil, nados entre 2009 e 2010, e cadetes, nados en 2007 e 2008. Para anotálos no club de fútbol focego ou solicitar información acerca dos horarios de adestramento, será necesario chamar aos teléfonos 630 628 358 ou 659 562 677. Por outra banda, tamén comunicaron que está aberta a campaña de captación de socios e que abrangue os partidos do ano natural 2022 polo que inclúe os partidos ata o 31 de decembro.

Anduriño, a nova mascota da SD Burela



A Sociedade Deportiva Porto de Burela vén de presentar oficialmente a súa nova mascota, Anduriño, un divertido cocodrilo que loce as cores do equipo. “O nome sae do antigo Bar Anduriña, do que foi dono un socio ao que lle temos especial cariño polo apoio que nos mostra día a día na Marosa”, din dende a organización. Manolo do Anduriña foi presidente do club moitos anos e “o seu amor pola SD Burela é incuestionable”. O cocodrilo representa a cor verde do equipo burelés e é un amuleto da última tempada do primeiro equipo do club.

Tres novas citas atléticas na Mariña

ALAS DE VIDA. Burela acollerá o 24 e 25 de setembro a VIII edición do Festival Benéfico-Deportivo Alas de Vida, que conta cunha proba de andaina de distancia de 3 quilómetros e unha trail de 14 quilómetros.

A andaina terá saída na praza da Mariña ás 16.30 horas o sábado 24 e nela percorrerase o paseo marítimo que levará aos participantes ata a praia da Marosa. Tamén haberá unha festa para os máis pequenos. A proba deportiva poderase realizarse andando, en bicicleta, en patíns...ou en calquer outro medio de locomoción humano.

O trail, terá saída o domingo 25 de setembro ás 10.30 na praza da Mariña, será un percorrido por Burela e o monte Castelo dun 700 metros de desnivel acumulado. Sen unha gran dificultade técnica é un trail ideal para debutar neste deporte.

Está organizada pola asociación cultural Fanto Fantini, en colaboración co Concello de Burela. A recadación íntegra do evento irá destinada á asociación DebraPiel de Bolboreta que vela pola calidade de vida dos afectados pola devandita enfermidade. O custo da inscrición será de 3 euros.



ALFOZ-VALADOURO. Os concellos de Alfoz e O Valadouro acollerán o domingo 9 de outubro a I Carreira popular Alfoz-Valadouro e será unha proba que se disputará sobre un percorrido moi rápido de 5.000 metros, totalmente urbanos, nun tempo de 50 minutos.

A cita deportiva, que terá saída a partir das 10.30 horas da mañá, será sobre un circuito de 200 metros para Pícaros, 400 Benjamines, 800 Alevíns, 1.600 Infantís e Cadetes e 5.000 para a competición Absoluta. Con saída no Castelo de Castro Douro e meta fronte ao CEIP Santa María do



Valadouro.

A competición transcorrerá por un circuito mixto pechado á circulación de vehículos, cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida.

A saída comezará ás 11.15 horas coa categoría Pícaros Prebenxamín de 200 metros, ás 11.20 horas será a de Benxamín, ás 11.25 será a de Alevín, e despois a de Infantil e Cadete, e ás 10.30 horas será a Absoluta. Tamén haberá unha andaina solidaria ás 10.00 horas

A entrega de trofeos realizarase ao finalizar a Carreira Absoluta

RIBADEO. O 1 de outubro, Ribadeo acollerá a Half Triatlón, puntuable para a Clasificación Nacional de Media e Longa Distancia. A ría de Ribadeo será o escenario da segunda edición deste triatlón. O programa constará de dúas probas sen drafting (Half e Short), sendo unha proba de ámbito nacional e puntuando a modalidade Half para a clasificación nacional de Triatlón de Media e Longa Distancia. A participación nesta edición establécese en 800 triatletas, entre as dúas modalidades, e debebase facer na seguinte web.

A saída Short será ás 9.00 horas e media hora despois será a Half. As entregas de trofeos de categorías absoluta e equipos Short será a partir das 12.00 horas, ás 13.30 o resto das categorías, ás 14.00 horas as de Half absoluto e equipos e ás 15.30 o resto de Half.

O percorrido da natación será un polígono de 1.000 m. (1 volta Short, 2 voltas Half) e terá lugar na praia dos Bloques; o percorrido ciclista será a unha volta o short e dúas voltas o half. Comeza atravesando a localidade de Ribadeo e a carreira a pé é de 10 km. Iníciase polo porto de Ribadeo.

A Copa Deputación de Piragüismo remata

A ría de Foz acollerá o vindeiro 25 de setembro unha nova regata da Copa Deputación de Piragüismo.

O Club Kayak de Foz é o organizador desta derradeira proba na que se prevé a participación de máis 200 palistas de diferentes categorías desde prebenxamín ata xuvenil dos seis clubs de augas tranquilas da provincia -CD San Ciprián, CP Altruán de Ribadeo, CP Viveiro Urban Hotel, Cidade de Lugo e Club Fluvial de Lugo-.

A paixón pola billarda

Oito equipos da metade norte da península compiten nun deporte tradicional que cada ano gana máis seguidores

Os xogos tradicionais están de moda e volven ser parte das festas de celebracións tradicionais, especialmente no rural. Con este rexurdir hai dez anos que timidamente comezou a recuperar a práctica da billarda, un xogo de equipo, no cal cada xogador emparéllase cun opoñente, e sitúase en cada portería. Así, se nunha portería atópase un defensor cun pau e un adversario coa billarda, na outra portería o compañeiro do que posúe a billarda sen nada e o adversario con outro pau.

Trátase de golpear o paliño que é lanzado polo opoñente situado en fronte e, no caso de golpealo coa billarda, realizar carreiras de ida e volta.

Con esta sinxeleza o xogo capta adeptos ano a ano e xa son oito os equipos que manteñen viva a esencia da billarda, concentrada na metade norte da provincia, xa que na zona sur hai e houbo algún intento de formar club pero finalmente non se reuniu xente bastante aínda que non se dubida que en pouco tempo esta poda ter de novo presenza na zona.

Hai varias asociacións en Chantada que se interesaron moito pero non hai suficientes xogadores para ter unha zona determinada. Non acabou de xurdir e calquera ano pode empezar porque hai xente no Inicio e Chantada interesada ou xogando

noutros equipos.

Se hai algo que une a todos os amantes da billarda é unha paixón que os leva a competir unha media dunha vez ao mes por todos os campos da provincia. Pero esa paixón está moi lonxe de fundamentarse na propia competición, para todos os clubs e xogadores, o máis importante é o ambiente, o compañeirismo, a diversión que os leva a repetir e non deixar de xogar.

Malia ser un deporte antigo non só participan os maiores. De feito, cada vez é maior o número de xogadores menores de 18 anos que se suman a este deporte.

Agora a afección levou aos equipos a crear unha Federación pero non todos queren estar baixos os parámetros rixidos, polo que prefiren seguir celebrando ao súa competi-

ción dunha forma máis libre dentro da Conferencia Norleste, unha liga menos rixida coa que comezaron a funionar.

Ademais, tamén se celebran os abertos, que son torneos fóra da competición regular onde se poden presentar sós ou por equipos e que se está a converter nunha actividade habitual nas festas de relevancia.

Pero non todos os clubs son desta idea, xa que algúns creen na necesidade de formalizar a práctica para dispoñer de seguros e manter unhas regras que sen seguridade en especial aos organizadores dos torneos.

Con opinións para todos os gustos, a unión entre eles é total e o obxectivo segue a ser, tal e como coinciden en sinalar, “reunirse e pasalo ben”.



CHAÍNZOS CADAVAL

CREACIÓN. Mario Saaveda Pérez, profesor xubilado que chega á Pastoriza dende Barcelona foi o instigador nas súas orixes, a raíz dun evento de xogos populares. Primeiro creouse o club de bolos Cadaval e despois chegou o de billarda. Posteriormente uníronse a Chaínzos

XOGADORES. Hai 12 na liga nacional de billarda pero son un total de 33 xogadores. Infantís son

4, sénior 15 e veteranos outros 15.

PALMARÉS. Na liga nacional de billarda, obtiveron os segundos e terceiros postos na maior parte das ocasións e a título individual sempre estiveron os seus xogadores entre os dez primeiros.

OPINIÓN.

- O que pretendemos é xogar como federados, con seguro

de accidentes e responsabilidade civil.

- Moitos imos xogar á zona da Coruña porque só xogamos en eventos federados. Hai outros que xogan na liga nacional.
- Acuden país con nenos, avós con nenos. A billarda ten moito futuro pero est pasa por crear a federación.
- O mellor da billarda é a amizade, o compañeirismo e a diversión.

BILLARDEIROS MUSICAIS

CREACIÓN. Billardeiros Musicais xurdiu en 2007 por unha demostración que fixo O Varal nun campamento musical da Asociación Amadores da Música de Ribadeo. Dende aquel mesmo momento fixeron un equipo e xa participaron na liga 2007/2008.

XOGADORES. Son arredor de 10 persoas no equipo. Teñen unha infantil de 13 anos, outro de 41 e o resto entre 63 e 83. Son o equipo coa media de idade máis elevada. O número de participantes está algo estancado debido ás baixas pero esperan recuperar en próximas datas.

PALMARÉS. Son o equipo mais laureado da Liga Nacional de Billarda (LNB). Campións da conferencia Norleste nos anos 2008-2010-2012-2013-2014-2015-2016-2017-2018 e 2019. Así mesmo son tricampións

nacionais (2008-2015 e 2016). Individualmente teñen sete campionatos absolutos de coanferencia en homes e outros tantos en donas. Igualmente teñen dous tricampións nacionais (MarKyto en absoluto e Geni en donas e un bicampión, Daniel). Varios campionatos tamen na modalidade de varados e títulos na conferencia NorOeste.

OPINIÓN.

- Estanse a facer mostras en distintos colexios e cada vez e mais a xente que se anima a xogar.
- Eu penso que aínda que vas a competir e che gusta gañar, o mellor da billarda e a socialización. Fas amigos e xúntate con xente de tódalas idades, hai casos donde se xuntan pais, fillos e netos xogando o mesmo tempo, isto é algo que so se vé na billarda.



TROITAS BRAVAS

CREACIÓN. Este equipo da Pontenova xurdiu incentivado por unha parella que xogaba xa no Cadaval e que pensou que mellor maneira de seguir xogando que montar un club na súa localidade.

Falaron con amigos e xente vinculada ó equipo de bolos de Santalla e crearon o equipo. Nese momento había límite de xogadores por equipo e tiveron que facer dous conxuntos: Troitas Bravas e Pau de Toxo. No 2011 xa estaban competindo.

XOGADORES. Son arredor de 20 persoas no equipo. Regularmente van aos abertos unha media de 13 persoas. O máis novo ten 7 anos e o maior 64.

PALMARÉS. Este ano quedaron se-

gundos na clasificación por equipos e o xogador Sachas foi terceiro na clasificación xeral individual. Levan varias tempadas quedando entre os tres primeiros na clasificación por equipos, o que lles permite clasificarnos para a Final Nacional.

OPINIÓN.

- A parte máis importante na billarda é a da conservación e difusión deste xogo tradicional.
- O mellor é o compañeirismo que hai entre todos.
- Despois da pandemia volvimos con forza e vimos como a participación aumentou.
- Tamén hai que resaltar a participación infantil que é o futuro deste xogo.



CASTIÑEIRO MILENARIO

CREACIÓN. O xermolo do equipo brotou no Festival da Chaira nunha conversa con Ismael de Outeiro. Tanto el como Chousa (os dous de Carabullo) levaban tras eles unha tempada, pero esa tarde de 2019 caeron nas redes da LNB. Pero a semente primixenia plantouna Tonho Randeira cando lles propuxo un aberto de billarda na primeira edición do Festival 27373.

XOGADORES. Equipo igualitario formado por 12 persoas, cinco homes e cinco mulleres palanadores, aos que se suman o utilleiro (home) e a mánager (muller). As idades están entre os vinte e os pouco máis de setenta.

PALMARÉS. Son, de momento, o mellor equipo de Begonte.

OPINIÓN.

- Non é doado atraer á xente porque é complicado chegar a ela pero unha vez probas e lle das uns, enganchas.
- Sempre comentamos que ese son das madeiras cando golpeas a billarda é moi adictivo.
- Cando xogamos na LNB, aplaudese os puntos dos rivais e celebramos as entradas no varal como se fosen do noso equipo. Outra cousa importante é entrenar e pagar as cañas cando gañas e por suposto xogar. Xogar á billarda é case unha actitude na vida.



CARABULLO

CREACIÓN. Foron os primeiros da Terra Chá en participar. Hai nove anos. Unha entrevista a Xermán Viluba deu o pé para que se foran xuntando amigos pouco a pouco ata formar o club.

XOGADORES. Conta con 14 xogadores que contan dende os 7 anos ata os 55, a maior part de Ponte de Outeiro e Muimenta.

PALMARÉS. Gañaron a liga os dous últimos anos consecutivos. Varios integrantes do equipo teñen o récord de vitoras en abertos e o de anos de campión absoluto con Charly.

OPINIÓN.

- Da igual o resultado, o importante é gañar, tomar as cañas. Quedamos varios equipos para comer.
- Temos un compromiso absoluto, non hai tanta historia. Xogamos un aberto ao mes máis ou menos e se non vas non pasa nada, pero a realidade é que o estás desexando.
- Esta liga, a norleste está auto-xestionada de catro amigos e este ano xogamos un total de 160 persoas. Non estamos na federación, non está vinculada a ningunha institución que a respalde ni a governe.

BILLARDA VERDE

CREACIÓN. O equipo xurdiu do centro social de Castroverde, A Chave das Noces. Xa cando inauguraron o centro social, se fixo un aberto de billarda e decidiron crear un equipo e entrar na liga. Hai 5 anos.

XOGADORES. Agora mesmo están en cambio, porque estaba o equipo de Pol, que se desfixo. E moitos dos que están agora eran dese equipo e agora xogan con Billarda Verde. No equipo son uns 13 xogadores, entre os 30 e os 50 anos.

PALMARÉS. Non contan actualmente con ningún título. “Somos dos de

abaixo. Por non ter, nin gañamos tampouco nunca un aberto”.

OPINIÓN.

- O futuro é boísimo. A xente canto máis proba, máis lle gusta.
- Hai un ambiente moi bo e unha rivalidade de xogo, a xente intenta gañar pero, no fondo, é secundario.
- Ese tipo de falta de competitividade, que non haxa cartos polo medio da que funcione moi ben a auto-organización.
- Funcionamos moi ben sen necesidade de institucións.

OS EQUIPOS

- **Billarda Verde:** Castroverde
- **Madia Leva:** Lugo
- **Carabullo:** Ponte de Outeiro
- **Cháinzos Cadaval:** Castro Ribeiras de Lea.
- **Castiñeiro Milenario:** Begonte
- **Troitas Bravas:** A Pontenova.
- **Remourelle Bulls:** Ribadeo.
- **Billardeiros Musicais:** Ribadeo.



MADIA LEVA

CREACIÓN. A LNB non xurdiu na capital, xurdiu na Mariña e foise espallando. E, dende o centro do Madia Leva decidiron que eles tamén querían participar desa proposta e vincularse no proxecto da LNB e que na cidade de Lugo tiña que haber un equipo desde que se fixo o primeiro aberto na cidade. O equipo naceu no 2008. Estivo en funcionamento ata o 2014 e entre o 2014 e o 2018 tivemos un parón. No 2018 retomaron xa sen parar.

XOGADORES. Son arredor de 20 persoas no equipo, dende xente xubilada ata nenos e nenas. Os máis noviños teñen 7 e 8 anos.

PALMARÉS. Ata o de agora teñen algún premio individual pero como equipa, non. “Somos modestas pero entusiasmadas”, din.

OPINIÓN.

- Hai quen o considera deporte, hai quen o considera xogo.
- Para nós é un logro que este

ano tivéramos abertos de case 100 persoas.

- Unha das mellores cousas é o ambiente que se crea cos compañeiros e as compañeiras da billarda.
- Ti vas a un festival como Pardiñas, ou en Begonte, e vas a disfrutar e a billarda é un ingrediente máis.
- O maior logro é que se vaian unindo nenos e nenas, que ao fin e ao cabo, é o futuro para que non se perda o xogo.

REMOURELLE BULLS

CREACIÓN. Os Remourelle Bulls naceron na parroquia homónima de Ribadeo e concretamente na Taberna Lola alá polo ano 2006. Despois o equipo foi mudando de xogadores xa que por motivos de traballo fóronse reducindo os equipos que había daquelas.

XOGADORES. Son arredor de oito xogadores os que acuden regularmente a xogar. Un equipo pequeno en comparación con outros da liga. A máis nova ten 21 e o máis maior 75 anos. Ao principio houbo outros equipos como o Safari, o Pena Verde, etc, pero que despois de que-

darse sen xogadores integráronse no club.

PALMARÉS. Equipo que non rexistra un amplo palmarés porque “non xogamos para gañar senón porque nos gusta compartir vivencias e diversión” aínda así teñen algún título de campión como club e gañadores individuais no seu haber.


OPINIÓN.

- Compartimos vivencias con persoas que posiblemente senón xogáramos á billarda pois non compartiríamos nunca.
- A billarda saíu para nunca máis

volver da angustiada cova do esquecemento.

- O futuro vai ser longo se seguimos pensando que é un xogo de amigos e sen intereses económicos. Por iso estamos actuando en campamentos de verán ou en colexios e traendo con nós a todos os nenos e que vexan como se xoga e que se involucren.
- A partir deste deporte saíron proxectos moi bonitos como grupos de música ou a creación dun disco de música sobre temática billardeira.

O pádel volve este mes á Pontenova



A Pontenova acollerá o cuarto Open de Pádel As Minas que terá lugar entre os días 14 e 18 de setembro, nas pistas ubicadas no complexo deportivo municipal do Bouloso.

A competición divídese nas categorías primeira feminina con cascada a segunda e en primeira masculina con cascada a segunda. Os gañadores levarán agasallos proporcionados polos organizadores da cita.

As inscricións custan 20 euros e son limitadas polo que a organización insta a chamar para inscribirse nos teléfonos 626 817 048. A data límite é o venres 9 de setembro.

A asociación cultural e deportiva As Minas organiza o encontro co que colabora o Concello pontenovés e varias empresas.

Nicolás Gayol acadou o noveno posto en K2 no Campionato de Europa Júnior



O piragüista ribadense Nicolás Gayol Santamarina, acadou o 9º posto en K2 500 metros no Campionato de Europa Júnior coa selección española. A cita tivo lugar en Serbia.

O secretario do Club Altruán, José Ángel Fernández, subliñou o esforzo realizado por Nicolás Gayol: “agradecerche o esforzo que hai detrás de todo isto. Voume centrar no teu esforzo persoal, que durante todos estes anos estiveches levando, déuseche o material, os adestradores, o que puidemos nas nosas mans ofrecerche, pero indubablemente sen a túa dedicación e pundonor non terías conseguido o que conseguiches”. Fernández tivo tamén palabras de agradecemento para a colaboración ofrecida polo Concello de Ribadeo.

A Marcha cicloturista de Viveiro será o día 17

A Marcha cicloturista organizada pola Pena Ciclista Lar de Viveiro terá lugar o vindeiro 17 de setembro. A marcha estará formada por un percorrido de 75 quilómetros e un tempo máximo para a realización da mesma de 4 horas que culminará no mítico San Roque.

A proba poderase realizar de forma individual ou por equipos e os participantes deberán descargar a App para móbil de Ranckr co fin de gravar o percorrido.

As inscricións serán na palataforma de Championchipnorte ata o 14 de setembro do 2022 ás 00 horas. O prezo da inscrición é de



18€ para federados e 28€ para non federados, federados en Triatlón tendra un custo de 23€ dos cales 1€ é doado para a asociación DEBRA, www.debra.es

Participación do lauretino Siro Maseda no Trail do Mont Blanc

O corredor lauretino Siro Maseda participou na UTMB ou Ultra Trail do Mont Blanc, unha ultramaratón de montaña que ten lugar anualmente nos Alpes, atravesando Francia, Italia e Suíza, e que conta cunha distancia dun 171 km.

O punto de partida foi Courmayeur o martes 23 de agosto, unha das localidades máis turísticas dos Alpes franceses, e a chegada en Chamonix mércores 24 ás 12.15 horas aproximadamente.

Maseda, membro da Escolas de Lourenzá, fixo outra versión da UTMB chamada TDS, Sur les Traces des Ducs de Savoie, tras as pegadas dos Duques de Saboya de 145 km e un desnivel de +9.100 metros.

O lauretino logrou rematar a carreira en 36 horas, 14 minutos e 49 segundos, a unha velocidade media de 6 quilómetros por hora. Así, o lauretino rematou na posición global



de 458, e o 407 na clasificación por sexo. Os primeiros en cruzar a liña de meta foron Ludovic Pommeret nun tempo de 18:37:04, Joaquin Ignacio Lopez Iturrieta en 19:32:09 e Elias Kadi en 19:49:51.

Na categoría feminina o podio foi para Martina Valmassoi cun tempo de 22:42:47, o segundo posto foi para a española Claudia Tremps con 22:59:38 e o terceiro para Katharina Hartmuth con 23:22:18.



BRONCE EN SURF. Catro membros da escola viveirense representaron á selección galega no Campionato de España de Surf por Comunidades Autónomas, acadando a medalla de bronce por equipos. A competición celebrouse na praia da Frouxeira, en Valdoviño. Participaron Uxío Rodríguez, como técnico; Lucía Martínez, en sub-16 e sub-18, Claudia Prieto, en open feminino, e Jorge Guerreiro en sub-18.

O Club de Bolos de Xove gañou a Copa de España por equipos



O equipo de bolos de Xove

En agosto celebrouse na localidade de Nigrán, Pontevedra, a Copa de España de Bolos celtas na modalidade equipos.

O Club de Bolos de Xove conseguiu alzarse co título de Campión de Copa no que se pode considerar o mellor resultado da historia para este club a nivel de equipos.

O campionato estivo moi disputado e participaron equipos procedentes de toda España, e aínda que na primeira rolda clasificatoria o Club de Bolos Xove pasou como segundo clasificado, ao comezar as eliminatorias viuse que os xogadores de Xove estaban supermotivados e foron pasando eliminatorias ata plantarse na final, na cal pasaron como unha apaisadora por encima dun dos equipos máis laureados de España o Club

de Birlos Xunqueira, endosándolles un histórico 4 a 0.

Paralelamente á Copa de España celebrouse un maratón de bolos por tripletas, que tamén é o máis importante de España, tanto polo número de participantes, no que asistiron máis de 200, como polo nivel dos xogadores que participan.

Neste Maratón o Club de Bolos de Xove, tamén conseguiu facerse coa vitoria no campionato de tripletas grazas á tripla formada por Daniel Alonso (Cata), Javi Alonso (Cata Jr) e Cristian Rodríguez (Felgo).

No resto das categorías, o Club de Bolos Xove tamén conseguiu uns excelentes resultados. Xenxo Salgueiro foi campión cadete, Javier Alonso, na categoría xuvenil, e Ginés Rodríguez na de veteranos.

Xove acollerá o Día da Bicicleta e a nova marcha BTT Xoviética

Xove acollerá unha nova cita deportiva, o Día da bici, o vindeiro 25 de setembro, organizada polo Club Ciclista Komando Xoviético e en colaboración do Concello, a ACD Xove e Xove Costa Trail.

Esta cita deportiva dará comezo ás 11.00 horas, previa inscrición antes da saída, e dende o club xovense esperan “que todas as familias participen e disfruten dun bo domingo”. Así, informaron de que será unha ruta corta polas rúas do Concello apta para todas as idades, e a ruta longa, para maiores de 7 anos, será duns 10 quilómetros.

Para participar será necesario o uso obrigatorio do casco e cumprimentar a ficha e dorsal antes da saída, e haberá un pequeno avituallamento o remate do evento. Tamén comunicaron que contarán cunhas estruturas de pump truck na praza do Concello se o tempo acompaña.

KOMANDO XOVIÉTICO. O Komando Xoviético informou da realización da nova marcha BTT que están a organi-



zar e que nesta ocasión chega a súa quinta edición. Esta cita deportiva será o vindeiro domingo 23 de outubro e percorrerá os montes e paraxes do Concello de Xove.

Dende a organización aínda están a preparar os detalles técnicos e irán informando “pouco a pouco nestas semanas”.

Así mesmo, animan a ir pasar cos Xoviéticos un bo domingo de bici polo Concello de Xove, o que dará a ocasión de ver recunchos interesantes pese a tala masiva do eucalipto, obxectan.

Arranca unha nova tempada de fútbol

Os equipos da provincia están xa listos para dar comezo á liga da tempada 2022/23 de fútbol, que recupera a normalidade tras dous condicionados pola situación pandémica mundial. As categorías sénior arrancan na súa totalidade este mes, aínda que os que están nas categorías superiores xa iniciaron este ano o seu camiño.

O Lugo, o mellor situado, está en Segunda División e polo tanto foi o único en adiantarse ao resto, xa que xogou o seu primeiro partido na ponte da agosto. O Lugo B ou Polvorín debutou esta fin de semana na nova categoría á que ascendeu a tempada pasada, a Segunda B, onde se enfrontará a equipos do noroeste peninsular, que compernden Asturias, Galicia e Castela León.

Outro dos equipos que comeza esta fin de semana unha nova andaina pola competición futbolística nacional, é o Lugo A xuvenil, que participa na División de Honra dende hai varias tempadas, a categoría máis alta para a mocidade, e que conserva a categoría ano tras ano cunha gran actuación.

Seguindo cos sénior a fin de semana próxima, 11 de setembro, poranse en marcha a maior parte das competicións. En Terceira, o Vilalbés e o Viveiro serán os encargados de defender as cores da provincia, que compartían anteriormente co Polvorín. Pola súa banda, en Preferente xogarán este ano Sarriana, Ribadeo, Lemos, As Pontes e Residencia, aos



que se suma Portomarín mentres que Foz e Escarirón caen á Primeira. Tamén terá data de inicio de tempada a Primeira nesta mesma fin de semana. A competición recupera o sistema anterior á pandemia e volve haber un único grupo, o 3, no que 18 equipos disputarán 34 xornadas para e maio dar a coñecer aos novos ascensos. Este ano recibe a categoría ao San Ciprián e o Antas pero Alfoz e San Roque xogarán en Segunda.

A Segunda Galicia tamén recupera formato, polo que haberá dous grupos de 16 equipos cada un con caras novas. Nesta ocasión comezarán unha fin de semana máis tarde, a do 17 e 18 de setembro. Este ano volven ou se estrean na categoría Castro B, Comercial, Lemos B e Carballo mentres que Quiroga e Bóveda volven a Terceira. Os arrastres tamén se levaron a categoría máis baixa a Abadín e Matela no Norte, e Palas, O Incio, Santa Comba e Páramo no Sur. Tamén hai equipos novos en terceira este ano, a Comercial B e o Vilalbés B, formados para esta nova tem-

pada, que contará en terceira con 11 equipos no Norte e 12 no Sur. A competición, co formato de sempre, arrancará o 24 de setembro.

EQUIPOS DE BASE. As ligas xuvenís seguirán co Lugo B na Liga Nacional xuvenil como único representante xa que o Vilalbés descendeu a pasada tempada. Esta dará comezo tamén o 11 de setembro.

Na Liga Galega, polo tanto, estarán este ano xunto ao descendido, Viveiro e Milagrosa, que ascenderon, e Residencia e Ribadeo. Cae o Calasancio.

En cadete, ao Lugo de División de Honra súmase este ano o Viveiro, e na Galega, outro Viveiro ascendeu da provincial á Galega. Continúan no norte Lugo B e Milagrosa e Calasancio no Sur. Tampouco estarán Residencia e Vilalbés.

En infantil o Lugo estrea a División de Honra, creada este ano, mentres que na Galega seguirán Viveiro e Residencia e únese o Vilalbés.

Xuvenís e cadetes iniciarán a compe-

tición co sistema pre-pandemia a fin de semana do 17 e 18 mentres que os infantís farano unha semana máis tarde. Ademais, as ligas provinciais comezarán tamén no mes de setembro para as categorías xuvenil, cadete e infantil, unhas o farán a fin de semana última de setembro e outras ao seguinte. Xogarán todos en Primeira nas categorías máis pequenas mentres que os xuvenís terán Primeira e Segunda novamente. Si haberá Segunda para os infantís do Sur.

FEMININO. O fútbol feminino aínda non ten calendario para os equipos provinciais, agás o PM Friol, que este ano xogarán na Segunda Federación tralo seu ascenso, e que dará comezo á competición tamén o 11 de setembro.

SD BURELA. A Marosa acolleu a presentación da SD Burela que competirá outro ano en Primeira Galicia.

Así, nesta temporada xogarán no equipo burelés Flavio, Kiko e Simón na portería, na defensa Alex Esquerdeiro, Ismael Gómez, Jairo, Morás e Savio, no centro do campo Cristian, Jairo López, Miguel Gomes, Penelo, Saúl Deán, Valito, David Otero, Hugo Pardo, Vila e Xael Eijo, e de dianteiros Antón Camiña, Jairo Campo, Mady, Rodríguez e Yeray. Seguirán de adestradores Luchi Salgueiro, Adrián Marrube e Manuel Martínez.

LOURENZÁ. O equipo de Primeira Autonómica do Lourenzá volve estar

capitaneado por Roberto Ramallal por segundo ano consecutivo.

O equipo contará tamén con Michael Sante como segundo adestrador e con Emérito Cabaleiro como adestrador de porteiros.

Renovaron Clemente Guizán, Adrián Cabaleiro Bugui, Álex Carreiras, Javi Arruñada, José Antonio Falcón, Miguel Hermida, Álex Ferranes, Jorge Losvi, David Garrafin, José Ángel Pichi; Julián Iglesias, Yago Cruña, Diego Acebo, Luís Santamarina, Iván Recalde, Noé Recalde, Álvaro Lorigados e Paulo González.

Os novos xogadores son Pablo Castañeda como porteiro e que procede de Mondoñedo; para a defensa incorporáronse Edu Reigosa que vén do Viveiro Liga Galega; Imad Itrih que sube do xuvenil; Xael Otero do Mondoñedo, Aarón García do Xove Lago e Raúl López do Ribadeo Liga Galega. Para o medio campo chegan David Veiga do xuvenil; Miguel Casanova do Alfoz; Óscar Paz do xuvenil e Roberto Carreiras do Foz.

ALFOZ. A nova directiva do CD Alfoz contará con Daniel Rejes, Yahel Rodríguez, Hugo Fraga, Jacobo Rivas, Jose Lorenzo e Jacobo Geada.

O novo adestrador será Nicolás Veiga Nico, procedente de San Miguel de Reinante. Xunto a el segue Paco.

As incorporacións son a de Dani Jiménez Rivas, o atacante de Ferreira que xa rematou a temporada pasada adestrando co club, e o gardameta focense, Álvaro Teijeira González.

“En Viveiro temos moita afección ao mundo do cabalo”

Falamos con Adrián Pilar Mateos, secretario do Cabaleiros do Landro

Por terceira vez, Viveiro acollerá a Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro, na que os amantes dos equinos poderán presenciar as mellores carreiras.

Este torneo vaise disputar os días 10 e 11 de setembro no campo de fútbol de Celeiro, sempre e cando as circunstancias sanitarias o permitan. A xornada comezará o sábado 10 ás 10.00 horas coa final do campionato de andadura individual, e de 16.00 a 20.00 horas o de equipos. Ás 20.00 será a entrega de premios e medallas.

Xa o domingo 11, será a proba de andadura libre con todas as súas modalidades ás 11.00 horas e ás 14.30 horas haberá un descanso para xantar. Xa pola tarde serán as carreiras de galope cruzados por alturas, andadura libre serrada de menos de 1,51 e as sub16.

Xa ás 19.00 horas será o galope PRG e media hora despois o PRA. Para que, acto seguido, entréguese as medallas e premios.

Haberá premios de andadura libre serrada e chapeada de menos de 1,51 metros e de máis de 1,51 metros, ao maior número de cabezas equinas e de vacún, a andadura sub16, a galope de menos de 1,51 e de máis de 1,51. Tamén haberá trofeos para a carreira pura raza galega e pura raza árabe nacional.

Está organizado pola asociación Cabaleiros do Landro, a Federación Galega de Hípica, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro. A asociación Cabaleiros do Landro de Viveiro é o colectivo organizador das carreiras de cabalos no municipio e que nesta ocasión chega a súa terceira edición.

Como comezou este colectivo?

Pois no ano 2018 pola nosa afección ao cabalo. Aquí en Viveiro hai moita e por iso nos xuntamos pois para facer eventos ou organizar cousiñas e necesario pertencer a un colectivo.

Cantos membros?

Somos sobre 70 persoas e tivemos moi poucas incorporacións así como moi poucas baixas. O socio máis novo terá uns 3 ou 4 anos e o máis maior arredor dos 70 anos.

Que novidades hai para este ano?

A novidade é que este ano a Carreira de Cabalos que organizamos en setembro agora farase en dous días, e contaremos coa final do Campionato Galego de Andadura. Ademais o domingo teremos a exposición de maquinaria agrícola, a feira de gando e as carreiras propias do evento.

Con dous días de evento, será unha boa nova para a economía



Adrián Pilar Mateos e o cartel das carreiras



viveirense?

Pois cremos que si posto que moita xente que virá desfrutar das carreiras e moitos participantes quedarán a durmir e a facer vida esa fin de semana de setembro. Esperamos que veña moita xente e que teña moito impacto na hostalaría.

Como xurdiu a idea da carreira?

No ano 2018 fixemos o noso primeiro evento, a primeira Ruta Cabalar de Viveiro, despois no 2019 xa fixemos a primeira edición da Carreira de Cabalos no campo de fútbol de Celeiro. No 2020 estivo parado pola

pandemia da covid, e xa no 2021 a medida que viamos que se alixeiraban as restricións, decidimos organizar a segunda edición das Carreiras de Cabalos. Xa en outubro deste ano faremos a nova edición da Ruta Cabalar pero aínda non podemos desvelar os detalles.

Hai moita participación nestes eventos?

Si, sempre hai unha alta participación de xinetes de toda Galicia e de Asturias. Na anterior edición contamos con 150 equinos nas distintas competicións.

COLABORACIÓN

Insubmisión

O PUPITRE



Julio Díaz

Etando a punto de rematar o verán e sentado a carón de dúas familias que manteñan o eterno debate de principio de curso, como si da canción do verán se tratase, “Deberes Si, Deberes Non” rememorei un cabreo especial que vivín aló polo mes de novembro do ano 2016 cando unha confederación de pais pedía o boicot á realización das tarefas escolares e decidín reproducir neste “meu pupitre” o artigo que un medio de comunicación me solicitara para coñecer a miña opinión sobre tan espiñoso tema. Imos aló “Chámome Alex, teño 9 anos e fai dous días que apenas durmo porque non sei que facer; o profe púxome unhas tarefas e papá di que non teño que facelas”.

Unha vez máis, como se dun clásico se tratase, preséntase o debate dos deberes escolares pero este ano condimentado coa campaña dunha confederación de pais que pide

o boicot e a insubmisión ás tarefas escolares, suscitando unha gran controversia no seo da comunidade educativa, que se fai extensible a toda a sociedade e que coincide, ademais, con outras campañas publicitarias que dalgún xeito cuestionan o labor do profesorado e atenta contra a liberdade de cátedra e o principio pedagógico e organizativo dos nosos centros educativos.

Manifesto o meu rechazo ante estas propostas que incitan a insubmisión e ao boicot atentando contra a liberdade do profesorado e a súa autoridade profesional e académica.

A comunicación no centro educativo entre o profesorado e as familias resulta fundamental para resolver estas controversias desde o diálogo co titor/a, co equipo directivo ou desde os órganos de participación educativa como é o Consello Escolar. As propostas de boicot e insubmisión non encaixan na boa dinámica educativa lanzando unha mensaxe demoledora sobre a relación profesor-alumno que socava a autoridade do docente, atenta contra a boa convivencia escolar e en última instancia, contra o rendemento académico do alumno.

Non podo entender que o máximo representante, a nivel nacional, dunha asociación de pais pensase e menos aínda se atrevese a promover unha campaña que di “O meu fillo non leva deberes por unha decisión familiar”. E digo eu cando vai o médico dille “O meu fillo non toma a medicación por decisión familiar” e o domingo no fútbol espétalle ao adestrador “O meu fixo xoga de dianteiro pero hoxe é porteiro por decisión familiar”. Sigo pensando e sorrio para dentro imaxinando a cara que se lle pode quedar á Garda Civil cando con rotundidade lle diga: “Non pode multar ao meu fillo por ir sin carné, xa que o fai por unha decisión familiar”.

Vamos, de coña. Outra das frases para enmarcar é “Na escola falta unha asignatura: o tempo libre”, pois pode ser, pero ese argumento desa asociación de pais para esixir menos deberes baseado en que precisan máis tempo para eles, máis tempo libre e para a vida familiar, obliğanme a trasladarlle que unhas deberes ben plantexados deben ocupalos, dependendo da ida-

de, non máis de hora e media que comparado co tempo que adican á televisión, redes sociais, videoxogos, novas tecnoloxías e as múltiples actividades extraescolares ás que os anotan non ten moito sentido culpar as tarefas escolares da falta de disfrute dos seus fillos. O que está claro é que o que os docentes botamos en falta é outra asignatura que se chama “participación real e efectiva dos pais”. Ninguén dubida de que escola e familia deben de traballar de forma conxunta, pero parece que a maioría das veces en vez de aunarse esforzos o que fan é camiñar en liñas paralelas que non conducen a ningures.

A participación real e colaborativa da familia é unha asignatura pendente nos centros educativos. Familia e escola teñen que traballar ao unísono, pero o certo é que non sempre os pais o entenden deste xeito e acaban colocándose “frente a” en lugar de “ao lado” e moitas veces os camiños de colaboración que escollen en vez de remar na mesma dirección e sentido fano en sentido contrario.

É recomendable que os pais coñezan

ao profesor dos seus fillos e que traten de ter unha relación colaborativa e cordial; é preciso rematar coa tensión que a día de hoxe xérase nos nosos centros educativos no que respecta á relación dos pais cos docentes dos seus fillos. Non é entendible o clima de tensión que moitas veces se está a vivir, debe asumirse que a aula é cousa do docente e debe ser o lugar onde poida realizar o seu traballo sen presións nin coaccións.

Moitas veces os docentes preguntámonos por qué estes mesmos proxenitores que se están a inmiscuir no noso traballo non o fan no doutros profesionais, ninguén se imaxina a un papá /mamá dicíndolle ao médico como debe anestesiarse, onde aplicar o bisturí, onde saturar, que receitar... e iso é aplicable aos distintos profesionais que ao longo do tempo traballan cos seus fillos. Aínda que quizais teña unha explicación grazas á teoría, baseada en feitos científicos, que conclúe que “neste país todo o mundo entende de fútbol e de educación”.

Gustaríame acabar citando un proverbio africano que di: “Para educar a un neno fai falta toda a tribu”

Pretemporada

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Non acostuma a gustarme a xente que fala dalgo sen saber apenas nada sobre ese tema e xusto iso é o que vou a facer eu este mes. Pero a Javier Aznar, xornalista e escritor, permíteselle escribir cada quincena sobre fútbol e coido que esa columna é arte cada mediados de mes. Porque non só hai dúas formas de facer as cousas e moito menos, no que a literatura se refire. Dos poucos sitios nos que a meirande parte das veces prima a forma sobre o contido.

Coido que o fútbol ten un efecto balsámico, hai quen di que tan só se trata de once persoas dando patadas a un balón, pero tamén hai quen sostén que nunca chegamos á Lúa, ou mesmo que a Terra é plana. Namentras que o mundo xira, a imbecilidade permanece.

Acostumo a atopar analoxías entre a figura do adestrador e a dunha

profesora de clases particulares. Neles a medida é a base do éxito, figura intermedia entre o respecto máis absoluto e o apoio incondicional. O duros que sexamos nos adestramentos ou na Academia, será o que determine os bos resultados nun partido ou nun exame, se é que non se trata do mesmo. Ambas figuras deben exprimir ao máximo aos seus pupilos, seren coñecedores das súas debilidades e puntos fracos, pero tamén das súas virtudes. Hai que saber a quen tes. E padecer, con eles e por eles. Porque todos xogamos a sermos o director deportivo do noso equipo, porque temos no campo e máis na clase o material co que se forxan as lendas. Pero a nosa visión é un tanto subxectiva, a veces pensamos que temos ouro e non chegamos nin a ter unha aleación.

Non vou a tratar aquí tampouco a miña relación co equipo, cimentada a partires dunha base que trascende aos resultados. Supoño que o fútbol de primeira rexional ten máis de xogadores a quen acompañar ca de equipos dos que ser seareira. Supoño que coma meu tío N. de corazón tinguido de branco, se teño un neto

que remata por xogar cos blaugranas, pois claro que irei cada sábado velo, malia que non máis profundo do meu ser pense que el é o bo pero os brancos nunca van a ser os malos. Di Aznar na súa brillante columna “Nostalgia en las gradas”, que cambiar de asento no estadio equivale a cambiar de colexio en plena adolescencia. Imaxínate cambiar de estadio. Malia que imaxino que o fútbol, como reza o himno do Liverpool consiste en nunca estar sós. Un equipo en pretemporada debería ser todo o que ti queiras que sexa. Un branco doado no que proxectar todos os soños como afeccionado que a duras penas podes anhelar fóra do terreo de xogo, onde se atopa o fútbol de verdade, o das enfermidades, dos despidos e das prohibicións. Imaxino que diso van as pretemporadas, de sobre-reaccionar, de sacar conclusións precipitadas, de xulgar unha fichaxe polos tres primeiros toques que da sobre o campo aínda coa herba cheirando a verde, de ter opinións moi fortes sobre as novas camisolas negras, que deberían ser a primeira equipación. De

sentir os nervios da competición e de ver un futuro negro polos resultados de tres amistosos. Non é máis ca iso o que fago. Pensar na temporada de All or nothing sobre a Juventus de Turin, un documental sobre o fracaso dunha temporada en branco dun club acostumado a facer as cousas ben. Supoño que da frustración que nace ao querer sempre máis, xorde o fútbol que só funciona na pizarra. Agradécese calquera material audiovisual que amose que ás veces, as cousas non saen ben malia que sexan sacadas dun libro. Porque na realidade non sempre temos as hipóteses das que partimos nos manuais. Escolto a miúdo comentaristas preocupados polo exceso de fogosidade dun Tchuameni que remata de aterrizar, iso, iso é xustamente o que nunca lles acontecerá aos meus verdes, onde a ansia debe estar no terceiro tempo.

O último domingo de amistoso, miraba ao campo coma se se tratase dun cadro de arte abstracta que non logro entender. Por momentos sentía que estaba ante unha peza única que trataba de descifrar que

me quería contar ou onde residía o seu éxito. Que debía estar na derrota monumental que anunciou o marcador aos noventa minutos.

A seguridade é un deses privilexios adquiridos aos que axiña nos acostumamos. Por iso coido que se infravalora unha e outra vez a importancia capital dos centrais no fútbol moderno. Gústanme os xogadores coma M. ou coma Pedri que xogan con esa insolencia e naturalidade do que non ten maior aspiración na vida ca divertirse facéndoo ben. Gústanme os que son da vella escola, que alzan a voz, que deixan que o seu traballo fala por eles cando na grada ameazan con retiralos. Que non nos importe de onde veñen, pero si onde están, pola guerra que dan. Estudamos en Física a altura, velocidade e a distancia dos tiros a porta, pero trasladado ao fútbol afeccionado é case unha quimera. Quen saca de banda? Ou como comerse un marrón.

Di Zuazua que hai derrotas que unen máis cas vitorias, porque son as que xeran unha maior carga emocional. Agardo que sexa iso ao que estades xogando esta pretemporada.

Anaga

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Existe un lugar misterioso onde todo parece ter dúas caras, unha verde e outra marrón. Alí a natureza dos fenómenos climatolóxicos tórnanse caprichosa, como se quixera dicirnos algo... Esa dualidade ten algo de máxico que te atrapa sen poder parar de observar cada recuncho, cada carreiro, cada folgueira xigante.

O Parque Rural de Anaga ocupa gran parte do macizo montañoso situado no extremo nordeste de Tenerife. Cunha extensión de 14.419 hectáreas, abarca unha zona importante da illa e sitúase entre os municipios de La Laguna, Santa Cruz de Tenerife e Tegueste. Trátase dun espazo abrupto con excepcionais valores naturais e culturais que conta con paisaxes de gran harmonía e beleza, froito da coexistencia do ser humano e a natureza nun territorio agreste, algo que parece imposible nos tempos que corren.

Anaga ofrece un panorama espectacular e unha gran diversidade natural resultado da propia orografía e pola existencia de diferentes ambientes que van desde o máis húmido e chuvioso nas partes altas, ata

aqueles de elevada insolación e escasa pluviometría, dando lugar a esa dualidade de verdes e marróns. Esta diversidade climatolóxica favorece o asentamento dunha natureza rica e variada, un abano de comunidades que alberga numerosas especies animais e vexetais, moitas delas endémicas da zona. Entre os hábitats naturais de Anaga atópanse algunhas das mellores manifestacións dos ecosistemas canarios, destacando polo seu bo estado de conservación os bosques de "laurisilva" dos seus cumios, os "sabinares" como o de Afur ou os "cardonais tabaibales" do extremo oriental do macizo.

Actualmente viven máis de 2.000 persoas nos 26 núcleos de poboación do Parque, a pesar da orografía abrupta e das dificultades. Nos primeiros séculos, trala conquista, floreceron pobos como Taganana, cunha economía de exportación de produtos como a cana de azucre ou o viño. Posteriormente, as terras de Anaga dedicáronse a produtos de subsistencia e de abastecemento interior, unha tarefa ardua que requiriu o esforzo de construír e manter os bancais nas ladeiras abruptas; de producir en condicións de sequeiro e de ter logo que transportar os produtos a través das montañas para abastecer a La Laguna ou a Santa Cruz.

Anaga provén do nome do "men-

ceyato guanche" (Menceyato de Anaga) existente no lugar antes da conquista castelá. Por aquel entón, Tenerife estaba dividida en nove menceyatos e á fronte de cada un deles había un "mencey" ou rei guanche, sendo Beneharo o de Anaga en tempos da conquista no século XV. Esta zona da illa é un dos lugares máis ricos

en achados arqueolóxicos de Canarias. Entre eles destaca a "Momia de San Andrés", unha das momias guanches mellor conservadas, hoxe exposta nas vitrinas do Museo da Natureza e o Home en Santa Cruz. Así mesmo, atopáronse máis momias nas "Ladeiras de Icorbo", no "Roque de Tierra" e na Cova Vegeril. Ademais, apareceron covas con algúns restos de animais momificados e unha pedra con gravados guanches, a "Pedra de Anaga". Tamén resulta moi interesante a chamada "Pedra dos Guanches" ou "Pedra de Taganana", un xacemento arqueolóxico asociado ás prácticas de momificación dos aborixes guanches que se atopa no sendeiro que vai de Taganana a Afur.

Como non podía ser doutro xeito, Anaga é fonte de lendas e historias repletas de misticismo. Poñamos por exemplo aquela que relata de onde provén o nome da zona montañosa coñecida como "El Bailadero", chamado así porque suposta-

mente era o lugar onde as bruxas facían aquelarres e bailaban ao redor dunha fogueira. Ou a da "Praia das Bruxas", onde o pirata "Cabeza de Perro" escondeu un tesouro nos cantís próximos a Igueste de San Andrés. Ou a da Princesa Cathaysa, que segundo relatan as crónicas, vi-

viu na zona de Taganana e foi vendida polos casteláns como escrava en 1494.

E así poderíamos seguir eternamente... Está claro que Anaga agocha segredos que só poden ser murmurados á orella, moi suave, no lusco-fusco.

O RECUNCHO DE CANELINA



TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

O Valadouro: Ruta dos Pozos

Un roteiro de tres quilómetros, sinxelo e apto para familias e mascotas, que parte dende a casa da cultura da localidade

Unha ruta sinxela de pouco máis de 3km (ida) que parte dende a Casa da Cultura e pasa por varios puntos de interese, como o Museo do Mel, a área recreativa do Batán, o Pozo das Moscas ata finalmente chegar ao Pozo da Onza, unha fermosa ferverza de 15m co seu remanso de auga. Apto para familias e mascotas. Comezase o roteiro en Tras do Río, por un camiño asfaltado ata chegar á ponte situada no lugar da Portela. Desde aquí seguirase por outro camiño de pescadores polo rego de Ferreira ata o Pozo das Moscas, onde ían bañarse antigamente os mozos. Continuando polo mesmo camiño chegarase ata a ponte situada na Rexedoira. Unha vez aquí haberá que coller o camiño cara á dereita. A uns 300 metros chegarase ao cruzamento dos montes de Gandelo. Chegados a este punto o percorrido continúa polo primeiro camiño situado á esquerda para atravesar montes de eucaliptos e piñeiros e tamén poderanse

atopar poboacións de mimosas, carballos e acivros.

Despois de percorrer aproximadamente quilómetro e medio, deberase cruzar un camiño asfaltado para continuar o itinerario por outro camiño que discorre por carballos e castiñeiros ata o rego de Valdeinfiernos (Val dos Infernos). A partir deste punto o carreiro seguirá río arriba, paralelo ao mesmo, ata chegar ao Pozo da Onza, onde se atopa unha fermosa ferverza duns 15 metros de altura.

O regreso deberá facerse polo mesmo carreiro ata unha ponte de pedra situado en Amarela. Desde aquí retomarase o camiño asfaltado durante o primeiro quilómetro, e posteriormente de terra, ata chegar de novo ao cruce dos montes de Gandelo, que levará aos sendeiristas novamente ata a ponte da Portela e, desde alí ao comezo do roteiro.



DATOS



3 horas



3,35 km.



Dificultade fácil

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605